5	GONZALEZ ZAPLANA	DAVID	***6691**
6	NOGUEIRA BOUZAS	RAMON	***7090**
7	RODRIGUEZ NOVO	NURIA	***9419**
8	ROMERO FERREIROS	MANUEL	***3278**
9	SANCHEZ FERNANDEZ	LUCIA	***0503**
10	PATIÑO TATO	FRANCISCO	***0591**
11	VILLAR COSTAS	ZAIRA	***9316**
12	ZUÑIGA NOGUEIRA	MARTIN	***9118**

\* Conforme o disposto na cláusula 9.4. das bases da convocatoria, ao longo procedemento poderase requirir á persoa solicitante para que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e a resolución do procedemento. As persoas con observacións deberán achegar o documento requirido no caso de resultaren beneficiadas.

En virtude de dar cumprimento á normativa de protección de datos de carácter persoal, publícanse os datos mínimos imprescindibles para a tramitación deste procedemento, neste caso co DNI cos seus dous primeiros números ocultos.

#### RELACIÓN DEFINITIVA DE PERSOAS EXCLUÍDAS

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	OBSERVACIÓNS(**)
1	ESPIÑA COMESAÑA	CLAUDIA	***5993**	1
2	GROBA MUÑOZ	MARTA	***1620**	3,6



En virtude de dar cumprimento á normativa de protección de datos de carácter persoal, publícanse os datos mínimos imprescindibles para a tramitación deste procedemento, neste caso co DNI cos seus dous primeiros números ocultos.

(\*) SUPOSTOS DE EXCLUSIÓN:

(1) Non cumprir o requisito exixido no apartado b.1) (titulación) ou o c) da base cuarta (ano académico), ou o apartado c) da base sétima (certificado base 10) da convocatoria:

As titulacións deben corresponder coas indicadas nas bases. As titulacións terán que estar obtidas no ano académico 2018-2019 ou en anos posteriores. A nota media do expediente académico debe presentarse na escala numérica de 0 a 10.

(2) Non cumprir o requisito esixido no apartado d) da base cuarta e/ou do apartado b) da base sétima da convocatoria (CELGA).

(3) Non cumprir o requisito esixido no apartado 1) (modelo solicitude) ou 3) (prazo) da base sexta, ou a base sétima da convocatoria. Non especificar non modelo de solicitude a/s bolsa/s para a que se presenta.

(4) Non cumprir o requisito esixido no apartado a) (DNI) da base sétima da convocatoria.

(5) Por defecto de acreditación da documentación referida no apartado d) (méritos académicos) da base sétima da convocatoria, e a efectos de poder contabilizarse como méritos, presentación de documentos debidamente acreditados.

(6) Non presenta a declaración responsable conforme do apartado f) da base sétima da convocatoria.

ANEXO 5

CONVOCATORIA DE 1 BOLSA DE FORMACIÓN RESERVADA PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE IGUAL OU SUPERIOR AO 33% NAS ÁREAS DE ASISTENCIA XERAL E ADMINISTRATIVAS  
(DOG 252 de 31 de decembro e BOPG 307 do 2 de xaneiro)

**RELACIÓN DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS**

Nº	APELIDOS	NOME	DNI
1	BALDONEDO MENGIBAR	ADRIAN	***0187**
2	DURO CASTRO	SHARAY	***0853**
3	FERNANDEZ VILABOA	ISMAEL	***5246**
4	GARCIA FERNANDEZ	UXIA	***9352**
5	GONZALEZ RODRIGUEZ	EMILIANO	***5177**
6	HERVES GONZALEZ	CAROLINA	***5237**
7	INFANTE SANTOS	ALEX EDWARD	***1168**
8	MIGUENS GARCIA	OSCAR	***9035**



9	OTERO ALVAREZ	IRIA	***9298**
10	OTERO PIÑEIRO	OSCAR YESID	***7401**
11	PARDO PENSADO	FERNANDO	***8309**
12	PORTO PRECIADO	PEDRO	***8190**
13	SOTO ESPERON	ISMAEL	***8322**
14	VALENCIA AGRA	SANTIAGO	***5469**

\* Conforme o disposto na cláusula 9.4. das bases da convocatoria, ao longo procedemento poderase requirir á persoa solicitante para que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e a resolución do procedemento. As persoas con observacións deberán achegar o documento requirido no caso de resultaren beneficiadas.

En virtude de dar cumprimento á normativa de protección de datos de carácter persoal, publícanse os datos mínimos imprescindibles para a tramitación deste procedemento, neste caso co DNI cos seus dous primeiros números ocultos.

#### **RELACIÓN DEFINITIVA DE PERSOAS EXCLUÍDAS**

Non hai



## Á Mesa do Parlamento

**Cristina Fernández Davila**, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa ao interese da comunidade educativa de estender o Plan PROA+ a todos os centros educativos con alumnado que precise reforzo extraordinario que o soliciten.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En decembro de 2025 o Ministerio de Educación daba a coñecer un estudo que analizaba o resultado da implementación nos centros educativos do Plan PROA+ entre 2021 e 2024. Un estudo encargado á consultora externa que elabora o Informe PISA.

Este programa extraordinario, foi impulsado para paliar os efectos da pandemia e colleron como modelo o PROA (Plan de Reforzo, Orientación e Apoio) que fora creado no ano 2005 e suspendido no 2012 polo goberno do PP de M. Rajoy xunto con outros moitos recortes educativos.

O estudo mostra como o alumnado dos centros que se teñen beneficiado deste programa elevaron a taxa de titulación e de matriculación no curso que lle corresponde por idade, evitando as repeticións. Os propios centros educativos melloraron significativamente o absentismo escolar, tanto en primaria como en secundaria, detectando ademais un efecto positivo no ámbito da convivencia e do liderado pedagóxico das direccións.

O Plan PROA+ está moi ben valorado pola comunidade educativa galega, xa que proporciona os recursos necesarios para que os centros os apliquen a proxectos de mellora educativa definidos polas propias escolas e institutos para que o alumnado



mellore en materias clave ou reforzar e apoiar ao alumnado con dificultades ou estranxeiro. Todas elas necesidades, urxentes e puntuais, que precisan un apoio extraordinario por riba dos efectivos que deben atender de xeito estable ao alumnado NEAE e NEE.

O PROA+ permite, para conseguir estes obxectivos, os desdobres das aulas en determinadas materias, introducir a codocencia e ofrecer clases de reforzo en horario extraescolar.

Estes apoios e reforzos quedan reflectidos nun incremento do rendemento educativo do alumnado máis vulnerable dentro das aulas e son unha ferramenta para aplicar a normativa vixente en Galiza: a Orde do 8 de setembro de 2021, que regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes.

Malia isto, o Goberno do PP na Xunta de Galiza impón criterios cada vez máis restritivos á hora de conceder o Plan PROA+ aos centros educativos, algúns deles que son meros impedimentos para reducir ao máximo posible as solicitudes, deixando sen a atención precisa a un número elevadísimo de alumnado que debera ter reforzos estables en toda a etapa educativa e que deben recorrer ao PROA+ para sumar máis efectivos e non para unha situación extraordinaria. Sen eses apoios vai ser imposible que este alumnado siga o ritmo da súa aula.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes pregunta para resposta escrita:

1.- Vai a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP ampliar o Plan PROA+ a todos os centros educativos con alumnado que precise, de xeito extraordinario, apoios e reforzos e o solicite?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

2.- Vai a Consellería de Educación facilitar recursos estables de docentes, especialistas (Pedagogía Terapéutica, Audición e Linguaxe, Orientación) e persoal coidador para o alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE) e Necesidades Educativas Especiais (NEE) en toda a etapa educativa?

3.- Vai a Consellería acadar o compromiso coa comunidade educativa de que o Plan PROA+ terá continuidade coa asignación dunha partida orzamentaria específica?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 20/03/2026 8:58:47



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/03/2026 9:01:50



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 20/03/2026 09:30:00  
**Nº Rexistro: 53759**  
Data envío: 20/03/2026 09:01:49.837

CSV: BOPGDSPG-3ISAZsL4q-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela. Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Cristina Fernández Davila**, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presenta a **Pregunta para resposta escrita**, sobre o nomeamento de José Santiago Freire Abeijón como Director Territorial da Consellería de Educación na Coruña.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 17 de marzo foi publicada no DOG a orde de 12 de marzo de 2026 pola que se nomea Director Territorial da Consellería de Educación na provincia da Coruña a José Santiago Freire Abeijón, o que fora alcalde do Concello de Noia entre 2016 e 2025 e anteriormente de Lousame entre 2003 e 2012.

En marzo de 2017 Santiago Freire foi reprobado polos comentarios machistas que fixo durante un acto de homenaxe a unha mariscadora polo Día Internacional da Muller, o 8M. E aínda que pediu desculpas publicamente, a mesma Secretaria Xeral de Igualdade rexeitou os comentarios feitos polo Alcalde.

Non foi a única ocasión en que este representante institucional tivo que enfrontar denuncias e peticións de dimisión. A última foi o pasado mes de outubro cando saíu á luz que o PP local cargaba gastos inxustificables á subvención do grupo municipal, en concreto facturas de bares, cátering e restaurantes, cuestión carente de ética e politicamente insostible. Polo que a Corporación solicitou a entrega da súa acta como Concelleiro.

Agora, o Presidente Rueda, a través do Conselleiro de Educación “premia” a unha persoa que usa imaxes de Franco nas súas redes sociais para festexar vitorias do PP e





GRUPO PARLAMENTARIO  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela. Galiza

cunha mochila de grandes machistadas e irregularidades na xustificación de gastos públicos, nomeándoo Director Territorial da súa Consellería, poñendo nas súas mans a encomenda de vixiar o control ideolóxico nos centros educativos, imposto polo PP ao fronte do Goberno da Xunta de Galiza.

Esta situación ven de escandalizar á comunidade educativa galega que non entende como pode rematar esta persoa sendo nomeada mediante libre designación para ostentar a Dirección Territorial, cando non coñece a educación pública e sendo cuestionado, mesmo polo propio Presidente da Xunta, de xeito recorrente pola súa falta de ética e actuacións reprobables. Malia todo isto, vai ocupar un cargo relevante e no que se espera traballe a prol dunha educación pública inclusiva, igualitaria e respectuosa cos valores democráticos.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1.- Porque o Conselleiro de Educación, Ciencia, Universidade e FP nomeou como responsable da Dirección Territorial Educativa na Coruña a unha persoa que ten mostrado publicamente unha ideoloxía franquista, machista, así como denunciado por uso irregular de fondos públicos?

2.- Que obxectivos ten a Consellería de Educación para colocar a unha persoa que non ten coñecementos previos na área educativa galega, experiencia ou traxectoria profesional recoñecible?

3.- Vai ser esta persoa o responsable final de limitar a liberdade de cátedra do profesorado e censurar as actividades complementarias programadas para todo o curso polos departamentos dos centros?

4.- Vai a Consellería cesar de xeito inmediato ao Director Territorial de Educación





GRUPO PARLAMENTARIO  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela. Galiza

na Coruña, por ter comportamentos previos reprobables?

5.- Vai o conselleiro de Educación comparecer publicamente para dar as explicacións que corresponden á comunidade educativa galega por ter feito este nomeamento que está sendo tan cuestionado?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 20/03/2026 13:03:07



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 20/03/2026 13:15:40  
**Nº Rexistro: 53787**  
Data envío: 20/03/2026 13:15:40.508

CSV: BOPGDSPG-3ISAZsL4q-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 20/03/2026 13:15:40  
**Nº Rexistro: 53787**  
Data envío: 20/03/2026 13:15:40.508

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 20/03/2026 13:15:41

CSV: BOPGDSPG-3ISAZsL4q-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

**Mercedes Queixas Zas**, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a importancia de a Xunta se implicar na creación do Centro Nacional de Fotografía.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A memoria colectiva de Galiza permanece viva a través da fotografía desde múltiples perspectivas: antropolóxica, sociolóxica, artística, histórica...

A historia de Galiza, marcada por factores como o espallamento da poboación ou a emigración, condicionou unha produción fotográfica histórica singular.

Con todo, estamos ante un patrimonio colectivo que posúe un alto valor documental que se perdeu, en boa parte, debido á escasa consideración da fotografía como ben cultural e ás dificultades de conservación deste fondo fotográfico que, en moitas ocasións, está en mans de particulares, entidades socioculturais ou entidades locais que non teñen os recursos técnicos e económicos necesarios para a súa óptima conservación.

Para alén do valor histórico documental da fotografía, debe atenderse tamén o papel da fotografía contemporánea que se fai en Galiza como parte da creación artística tan diversa e plural que recrea en imaxe fotográfica as novas miradas desta arte que cómpre atender, apoiar institucionalmente e contribuír a ensanchar a súa visibilidade e o diálogo intercultural.

Cómpre un goberno galego orgulloso do patrimonio fotográfico galego e, ao





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

tempo, aberto á experimentación innovadora da fotografía contemporánea. Por iso é tan importante dotármonos dun Centro Nacional de Fotografía que dea resposta á necesidade de acoller o fondo documental histórico que aínda se conserva en mans privadas, crear un arquivo dixital e bibliográfico que permita recuperar, conservar, estudar e difundir a fotografía histórica de Galiza, dinamizar a produción fotográfica galega contemporánea e potenciar a realización de estudos e investigación sobre fotografía.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta escrita:

Comprométese a Xunta a crear o Centro Nacional de Fotografía, dotalo de persoal e financiación adecuada para impulsar un proxecto de país que permita acoller o fondo documental histórico que aínda se conserva en mans privadas ou entidades locais, co obxectivo de dotármonos dun arquivo dixital e bibliográfico que permita recuperar, conservar, estudar e difundir a fotografía histórica de Galiza, dinamizar a produción fotográfica galega contemporánea e potenciar a realización de estudos e investigación sobre esta expresión artística?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 20/03/2026 14:13:08

CSV: BOPGDSPG-3ISAZsL4q-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/03/2026 14:15:38



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 20/03/2026 16:30:00  
**Nº Rexistro: 53796**  
Data envío: 20/03/2026 14:15:38.230

CSV: BOPGDSPG-3ISAZsL4q-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Cristina Fernández Davila**, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a necesidade de realizar obras de mellora das instalacións educativas do IES de Salvaterra de Miño.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O IES Salvaterra de Miño, é o único centro de educación secundaria que hai no Concello. Imparte ESO, Bacharelato, FP Básica de Carpintaría e Moble e o CM de Soldadura e Caldeirería. Inaugurado no ano 1998, para 350 alumnos/as, na actualidade ten unha matrícula de 550, o que supón un incremento dun 80%, en tanto que a media en todo o País baixaba un 5% nos últimos 10 anos.

Daquela, o Concello apenas contaba con 8000 habitantes e na actualidade pasa dos 11000, cuestión que quedou reflectida curso tras curso no número de alumnado matriculado no IES. No último ano houbo un aumento do 5,12% o que mostra a tendencia a seguir medrando en poboación. A consecuencia desta realidade, o centro tivo que ir prescindindo de distintos espazos específicos docentes para converter en aulas e poder asumir o aumento de alumnado.

Esta situación conlevou durante estes anos a superar a capacidade do centro, carecendo de espazos como despachos para os distintos departamentos, patio cuberto ou auditorio e un problema de convivencia pola falta de espazo co que conta o alumnado nos momentos de lecer ou ter que realizar a práctica de Educación Física no exterior ou nunha aula normal sen material, por coincidir aulas no mesmo horario da instalación deportiva.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

A esta situación podemos engadir as deficiencias estruturais que teñen os edificios do centro como filtracións de auga, inundacións recorrentes, sistemas de drenaxe insuficientes, falta de climatización e riscos eléctricos nos talleres, que fan imprescindible unha intervención inmediata da administración autonómica con competencias plenas educativas.

O IES Salvaterra de Miño, a día de hoxe precisa as seguintes actuacións:

- Arranxo dos problemas estruturais das instalacións debido á súa antigüidade.
- Mellora da eficiencia enerxética, reforzando o illamento para poder impartir docencia nas aulas no verán ou inverno dunha zona con temperaturas estacionais moi elevadas ou moi baixas.
- Instalación dunha cuberta no patio para realizar actividades, impartir clases de Educación Física no exterior ou destinar ao lecer do alumnado en días de choiva e,
- Ampliación da infraestrutura educativa para poder darlle continuidade aos ciclos formativos de grao medio existentes.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1.- Vai a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP realizar os estudos técnicos precisos e as obras para ampliar as instalacións do IES que dote dos espazos necesarios para aumentar a capacidade do ximnasio, novas aulas, despachos para os departamentos e un auditorio?

2.- Vai a Consellería de Educación instalar unha cuberta no patio exterior para dotar dun espazo para o lecer do alumnado ou realizar diversas actividades docentes e educativas?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

3.- Vai a Consellería mellorar e actualizar as instalacións educativas existentes con accións de eficiencia enerxética para conseguir un illamento máis eficaz e sostible, tendo en conta incluír un sistema de climatización?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 23/03/2026 9:21:37

CSV: BOPGDSPG-3ISAZsL4q-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/03/2026 9:23:23



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 23/03/2026 09:30:00  
**Nº Rexistro: 53801**  
Data envío: 23/03/2026 09:23:22.873

CSV: BOPGDSPG-3ISAZsL4q-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

**Cristina Fernández Davila**, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a necesidade de impulsar a creación dun Centro Integral de FP no concello de Salvaterra de Miño.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Salvaterra de Miño é un concello que aumentou considerablemente a súa poboación dende comezos de século, pasando de apenas 8000 habitantes a ter na actualidade máis de 11000. Un concello que conta coa Plisan (Plataforma Loxística Industrial de Salvaterra - As Neves), cunha morea de posibilidades de creación de emprego na actualidade e cara o futuro.

Este aumento na veciñanza de Salvaterra quedou reflectido curso tras curso no número de alumnado matriculado no IES Salvaterra de Miño, único centro de secundaria no Concello. Pasou de ter 350 matrículas no 1998, ano da súa apertura, a 550 este curso. No último ano houbo un aumento do 5,12% na poboación do concello, o que mostra a tendencia a seguir medrando. A consecuencia desta realidade, o instituto tivo que ir prescindindo de distintos espazos específicos para asumir o aumento de alumnado, necesitando unha urxente ampliación, mellora e actualización das súas instalacións.

Este instituto de secundaria imparte ademais FP Básica de Carpintaría e moble e o CM de Soldadura e Caldeirería. Estudos que teñen bastante demanda de persoas da comarca e que precisan ser ampliados aos correspondentes CM e CS.

Por outra banda, é necesario para un concello como Salvaterra de Miño poder contar con nova oferta de Formación Profesional, a creación de novos talleres, nun



espazo educativo que permita espazos comúns e todos os servizos que precisa o alumnado para impartir a docencia correspondente ao currículo destes estudos e familias profesionais.

Esta ampliación da oferta de CM, CS e Cursos de Especialización de FP nun novo CIFP permitiría que o alumnado de Salvaterra e de toda a comarca do Condado-Paradanta (pola proximidade e posibilidade de transporte público), poder continuar os seus estudos sen necesidade de desprazamentos case imposibles coa cidade de referencia, Vigo.

O alumnado deste extenso territorio, optaría a poder realizar ciclos de familias profesionais que non hai na zona se o seu desprazamento fixera posible a súa matriculación. Cun novo CIFP en Salvaterra de Miño, poderían contar con opcións tan diferentes e demandadas como as sanitarias, audiovisuais, mantemento de equipamentos industriais, industrias alimentarias, instalacións eléctricas, educación infantil, integración social, deseño de moda, deportes e educación física, medio ambiente...

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta escrita:

Que accións pensa levar a cabo a Consellaría de Educación, Ciencia, Universidades e FP para contar cun centro CIFP que oferte novos Ciclos Formativos de Grao Medio, Superior e Cursos de Especialización de FP, para o alumnado de Salvaterra de Miño e de toda a comarca do Condado-Paradanta?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 23/03/2026 9:23:44



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/03/2026 9:25:58



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 23/03/2026 09:30:00  
**Nº Rexistro: 53805**  
Data envío: 23/03/2026 09:25:57.374

CSV: BOPGDSPG-3ISAZsL4q-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

**Cristina Fernández Davila**, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a necesidade de ampliar a oferta formativa de Formación Profesional no IES de Salvaterra para dar continuidade ás especialidades existentes.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O IES Salvaterra de Miño, é o único centro de educación secundaria que hai no Concello. Imparte ESO, Bacharelato, FP Básica de Carpintaría e o CM de Soldadura e Caldeirería. Inaugurado no ano 1998, para 350 alumnos/as, na actualidade ten unha matrícula de 550, o que supón un incremento dun 80%, en tanto que a media en todo o País baixaba un 5% nos últimos 10 anos.

Daquela, o Concello apenas contaba con 8000 habitantes e na actualidade pasa dos 11000, cuestión que quedou reflectida curso tras curso no número de alumnado matriculado no IES. No último ano houbo un aumento do 5,12% o que mostra a tendencia a seguir medrando en poboación. A consecuencia desta realidade, o centro tivo que ir prescindindo de distintos espazos específicos docentes para converter en aulas e poder asumir o aumento de alumnado.

Para este centro é importante poder ampliar a oferta de ciclos de continuación nas especialidades xa impartidas e a creación de novos talleres máis amplos e seguros para poñer en valor os seus estudos de FP na Comarca, que xa teñen na actualidade moita demanda e non poden garantir a súa continuidade.

É un factor determinante para completar a formación oficial do alumnado en Salvaterra, o non poder asumir os desprazamentos en transporte público cara outras



vilas ou Vigo, como cidade referente da área metropolitana, por non adaptarse en horario ou frecuencias ou non dispoñer de liñas que os acheguen aos centros educativos escollidos.

Por outra banda, sería preciso mudar o mapa da FP galega, que concentra a oferta nas grandes cidades ou vilas, cando o rural precisa novos servizos públicos básicos para poder consolidar poboación e que sexa atractivo para as familias. Nada mellor que dispoñer de escolas, institutos e centros específicos de FP para poder ter continuidade durante a infancia e adolescencia.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1.- Vai a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP implementar novos Ciclos Formativos para dar continuidade ás especialidades de FP impartidas no IES Salvaterra de Miño?

2.- Vai a Consellería de Educación crear novos talleres no IES Salvaterra de Miño, máis amplos e seguros para o alumnado matriculado nos Ciclos Formativos de FP e albergar os novos grupos emerxentes?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 23/03/2026 9:53:48

CSV: BOPGDSPG-3ISAZsL4q-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/03/2026 9:55:23



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 23/03/2026 09:55:22  
**Nº Rexistro: 53810**  
Data envío: 23/03/2026 09:55:22.846

CSV: BOPGDSPG-3ISAZsL4q-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo  
Parlamentario  
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 23/03/2026 11:08:34  
Nº Rexistro: 53817  
Data envío: 23/03/2026 11:08:34.250

## Á Mesa do Parlamento

**María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

Hai uns días nunha entrevista, o conselleiro de Sanidade indicaba que “está claro que por unha necesidade asistencial é mellor ter un médico sen especialidade que non ter nada”.

Pero esta mesma resposta recíbena médicos de familia, que presentaron varias queixas mostrando a súa preocupación polo tema.

E tamén nos chegan respostas dadas por responsables de sanidade cando por parte de médicos do Sergas transmítense que hai médicos que están a exercer sen MIR e respóndeselles con afirmacións que veñen sinalar que antes da calidade asistencial está a continuidade asistencial.

A isto habería que engadir as declaracións dos colexios médicos, que din que levan meses e mesmo anos, denunciando estes contratos. E engaden que, o contratar médicos sen MIR, trátase dunha medida cortoplacista e fácil, pero que desgasta e desmorona a nosa tan encomiada Atención Primaria. E que a Consellería de Sanidade, non pode mirar para outro lado e insinuar que é cousa das xerencias.

As socialistas e os socialistas coincidimos co que as sociedades científicas sinalan: que non nos serven esas respostas e que é un perigo para a sociedade. E que hai que poñer fin a esta situación.

Asinado o día 23/03/2026 ás  
11:05  
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 23/03/2026 ás  
11:05  
Por Elena Espinosa Mangana

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

201833

28071 Madrid





**Grupo**  
**Parlamentario**  
**Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 23/03/2026 11:08:34  
**Nº Rexistro: 53817**  
Data envío: 23/03/2026 11:08:34.250

En concreto, a presidenta da Asociación Galega de Medicamento Familiar e Comunitario dicía: “É un risco para a poboación e unha mala praxe” e que están cansados de denunciar que haxa médicos sen MIR na sanidade galega facendo funcións de especialista en medicamento familiar e comunitario.

A chegada destes profesionais sen especialidade, chegou tras a covid de forma excepcional, pero existen serias desconfianzas de que foron crecendo durante os dous últimos anos. Pero o Sergas nunca informou da veracidade desta información oficialmente, nin cuantificou o número de persoas que poden estar a exercer en Galicia sen MIR e tampouco onde están a realizar esta actividade.

Por todo iso, as deputadas que asinan solicitan, en resposta escrita, contestación ás seguintes preguntas:

1. Vai a Xunta de Galicia a facer público o número de facultativos que están a traballar no Sistema Galego de Saúde sen MIR indicando os servizos e lugares nos que están a realizar o seu traballo?
2. Vai a Xunta de Galicia a que deixe de realizar a contratación de médicos sen MIR e que cando a leve a cabo, sexa en situacións excepcionais, dando conta a este parlamento semestralmente das contratacións realizadas a facultativos sen MIR?
3. Vai a Xunta de Galicia elaborar unha planificación da atención primaria a tres anos, onde ademais das necesidades de persoal médico, psicólogos e enfermeiras se teñan en conta outras especialidades para xerar na nosa atención primaria, equipos multidisciplinares?

Santiago de Compostela, 23 de marzo de 2023

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)  **981.55.15.30**

201834

28071 Madrid

@PSdeG





Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 23/03/2026 11:05:14

Silvia Longueira Castro na data 23/03/2026 11:05:21



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 23/03/2026 11:08:34  
**Nº Rexistro: 53817**  
Data envío: 23/03/2026 11:08:34.250

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 23/03/2026 11:08:34

CSV: BOPGDSPG-3ISAZsL4q-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

**María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

Segundo a Organización Mundial da Saúde (OMS), 1 de cada 7 adolescentes (de 10 a 19 anos) presenta algún problema de saúde mental. Moitos destes trastornos comezan antes dos 14 anos —aproximadamente a metade— e unha gran parte dos casos nin se detecta nin se trata.

A depresión, a ansiedade, os trastornos da conduta, o trastorno por déficit de atención e hiperactividade, xunto coas condutas autolesivas e o suicidio, constitúen os problemas máis frecuentes. O suicidio é, ademais, unha das principais causas de morte entre as persoas de 15 a 19 anos.

Por outra banda, todos os informes e avaliacións de expertos dos últimos anos poñen de manifesto un aumento preocupante das alteracións e dos trastornos da conduta e da saúde mental en idades cada vez máis temperás, afectando de maneira significativa tanto a menores de idade como a persoas adultas novas. A saúde mental infanto-xuvenil configúrase así como unha preocupación de primeira orde, con datos especialmente alarmantes.

A propia OMS considera a saúde mental infanto-xuvenil como un compoñente esencial do benestar xeral de nenos, nenas e adolescentes. Entre as súas recomendacións en materia de prevención destacan os programas escolares de educación emocional e a promoción do benestar e da resiliencia. Así mesmo, salienta a importancia da detección precoz, do acceso a servizos de saúde

**Grupo Parlamentario Socialista**

Correo [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas\\_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)

Asinado o día 23/03/2026 ás  
11:58  
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 23/03/2026 ás  
11:58  
Por Elena Espinosa Mangana





mental adaptados á mocidade, das intervencións psicolóxicas baseadas na evidencia e do apoio ás familias.

No que atinxe aos recursos, Galicia presenta un claro déficit de profesionais, o que está a provocar problemas de carácter asistencial. Na actualidade, pode afirmarse que o sistema comeza a amosar sinais de colapso, ao non ser quen de absorber a demanda existente. Cómpre sinalar que esta situación non é homoxénea en todo o territorio galego. Ante esta realidade, moitas familias vense obrigadas a recorrer á sanidade privada para obter valoracións sobre posibles trastornos do neurodesenvolvemento.

Sabemos que, tras a pandemia, produciuse un repunte salientable —aínda que con diferenzas segundo a idade e o tipo de trastorno—. A esta primeira onda súmase un incremento continuado das consultas por problemas de atención e hiperactividade, que se poden englobar dentro dos trastornos do neurodesenvolvemento. Así mesmo, na psiquiatría infantil e xuvenil rexístrase un forte aumento da demanda por cadros de ansiedade, depresión e outros problemas de saúde mental na adolescencia.

A sanidade pública galega debe dar resposta a estas necesidades, evitando avanzar cara a un modelo excesivamente medicalizado (Galicia presenta entre un 40 % e un 70 % máis consumo de psicofármacos ca a media estatal, segundo o tipo de fármaco).

Ante esta situación, as deputadas que asinan solicitan, en resposta escrita, contestación ás seguintes preguntas:

1. Está disposta a Xunta de Galicia a facer unha valoración dos resultados do programa YAM e a implántalo o 100 % da poboación obxecto?

**Grupo Parlamentario Socialista**

Correo [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas\\_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)



2. Está disposta a Xunta de Galicia a constituír un grupo de traballo sobre saúde mental en idades infanto-xuvenís en Galicia, coa participación de profesionais e membros da administración sanitaria, co fin de determinar as necesidades reais de recursos humanos neste ámbito?
  
3. Vai a Xunta de Galicia incrementar de maneira inmediata os recursos humanos na área de saúde mental do sistema sanitario público galego e, no prazo de tres anos, acadar a dotación de profesionais necesaria conforme ao que determine o grupo de traballo indicado no punto 2?
  
4. Está disposta a Xunta de Galicia a facer unha valoración da situación das unidades de día de saúde mental de atención infanto-xuvenil?
  
5. Vai a Xunta de Galicia poñer en marcha unidades de hospitalización infanto-xuvenil nas áreas sanitarias nas que actualmente non existan, co obxectivo de que estean operativas no ano 2028?

Santiago de Compostela, 23 de marzo de 2026

**Grupo Parlamentario Socialista**  
Correo [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)  
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas\_gal**





Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 23/03/2026 11:58:38

Silvia Longueira Castro na data 23/03/2026 11:58:45



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/03/2026 12:01:03



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 23/03/2026 12:01:02  
**Nº Rexistro: 53823**  
Data envío: 23/03/2026 12:01:02.390

CSV: BOPGDSPG-3ISAZsL4q-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Secundino Fernández Fernández**, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a modificación do prego de condicións da denominación de orixe Rías Baixas.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A denominación de orixe Rías Baixas foi recoñecida por Orde do 17 de marzo de 1988, da Consellería de Agricultura. A zona amparada para a produción de viño con denominación de orixe Rías Baixas localízase na provincia de Pontevedra e no sur da provincia da Coruña, organizándose en cinco subzonas: Val do Salnés, Condado do Tea, O Rosal, Soutomaior e Ribeira do Ulla.

Estamos ante unha DO que, segundo os últimos datos publicados pola Xunta de Galiza correspondentes ao 2024, conta con cunha superficie inscrita de 4.640 ha pertencente a 4.991 viticultores e viticultoras e no que están inscritas 177 industrias. Se falamos da produción temos que na colleita do 2024 cualificouse unha produción de uva de máis de 42 M de kg que produciron máis de 26 M de litros de viño cualificado alcanzando un valor económico estimado máis de 233M de €.

Os resultados destas magnitudes indican que, con moita diferenza, a DOP Rías Baixas continúa a ser con gran diferenza a de maior relevancia da Nosa Terra, concentrando o 63 % do valor económico total do sector galego. A potencia desta DO con respecto as outras galegas e incluso de todo o estado vese ano a ano, a DO Rías Baixas continúa actuando como o principal motor do sector en Galiza. Así o valor da súa produción pasa de 80,9 millóns de euros en 2007 a 220,2 en 2023, reforzando este





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

liderado asociado fundamentalmente a uva Albariña e a este viño que ten unha posición destacada nos segmentos de maior prezo, e por suposto a unha importante profesionalización e a grande capacidade exportadora e a imaxe e consolidación nos mercados de fora de Galiza.

As condicións en vigor da denominación de orixe foron modificadas e aprobadas por *RESOLUCIÓN do 2 de agosto de 2024 pola que se aproba unha modificación do prego de condicións da denominación de orixe protexida Rías Baixas e se lle dá publicidade* (DOG 156 do 13 de agosto do 20024). Nesta resolución aparece reflectido o rendemento máximo; é di textualmente:

*A produción máxima admitida por hectárea será de 12.000 kg de uva para a variedade albariño, 10.000 kg para a variedade caíño tinto e 12.500 kg para o resto das variedades.*

*Considerando un rendemento máximo de 70 litros de viño por cada 100 kg de uvas de variedades brancas e de 72 litros por cada 100 kg para as variedades tintas, os rendementos máximos en litros por hectárea serían:*

- 84,00 hl/ha para a variedade albariño.*
- 87,50 hl/ha para o resto de variedades brancas.*
- 72,00 hl/ha para a variedade caíño tinto.*
- 90,00 hl/ha para o resto de variedades tintas.*

A pesares desta puxanza os retos da DO son moitos comezando pola comercialización exterior e interior ante os avatares e fluctuacións internacionais; o mantemento da calidade que lle permitiu conquistar eses mercados; a baixa de consumo dos viños en xerais relacionados co menor consumo de produtos alcohólicos e por suposto tamén os intrínsecos a DO como pode ser a concentración da produción, o





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

incremento da superficie de viñedo nalgunhas subzonas mentres noutras se perde produción e incluso superficie vitícola ou a aparición de excedentes...

Neste contexto apareceu nos pasados días unha proposta para modificar o prego de condicións na liña de baixar os rendementos; é dicir baixar a produción máxima por ha na uva da variedade albariño. Esta proposta trouxo consigo un forte debate dentro da DO e unha fonda preocupación dunha grande maioría das persoas viticultoras.

Para o BNG non é oportuno nin necesario neste momento, tendo en conta que hai un consenso neste aspecto dende a última modificación. Entendemos dende o BNG que o prego de condicións non debe ser unha ferramenta de cambios recorrentes que impliquen unha inestabilidade para o sector produtor que afecta a miles de viticultores e viticultoras.

Mentres isto ocorre a Xunta de Galiza permanece calada. Os responsábeis de medio rural, responsábel última de tramitar as modificacións, de velar pola boa saúde da DO, de traballar e dirixir dende a administración os pasos deste sector tan importante para o medio e verdadeiro motor económico desta parte da Nosa Terra non din nada. Unha actitude totalmente negativa e que sementa incertezas no seo da Denominación de Orixes.

Ante a grande incerteza existente no sector e sobre todo nos viticultores, e a inquietude que xera esta situación na DO, fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Ten coñecemento a Xunta de Galiza das propostas de modificación do prego de condicións da DO Rias Baixas?





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

- Que aspectos se propoñen modificar no prego de condicións da DO Rias Baixas?
- Que opinión ten a Xunta de Galiza sobre a proposta de modificación que está causando fonda preocupación no seo da DO?
- Vai a Xunta de Galiza tomar algunha medida no referente a estas propostas de cambio que están a xerar unha situación de preocupación na DO Rias Baixas?
- Pensa a Xunta de Galiza como responsábel máxima que a mellor opción é desentenderse deste debate que esta a xerar tan fonda preocupación?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Secundino Fernández Fernández na data 23/03/2026 13:28:16



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 23/03/2026 13:30:35  
**Nº Rexistro: 53830**  
Data envío: 23/03/2026 13:30:35.145

CSV: BOPGDSPG-3ISAZsL4q-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 23/03/2026 13:30:35  
**Nº Rexistro: 53830**  
Data envío: 23/03/2026 13:30:35.145

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 23/03/2026 13:30:35

CSV: BOPGDSPG-3ISAZsL4q-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

**Silvia Longueira Castro** e **María Elena Espinosa Mangana**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Oleiros conta cun sistema de Centros de Día que poderíamos definir como mixto. Dispón dun único centro de día público, As Galeras, xestionado polo Consorcio Galego de Igualdade e Benestar Social da Xunta de Galicia, que ofrece 60 prazas. Sendo, a día de hoxe, a única referencia de centro de día dependente dos servizos sociais con titularidade e xestión integramente pública. Ademais dese centro público, conta con outros recursos que complementan a oferta, pero baixo outros modelos:

- Prazas Concertadas: En residencias privadas como o DomusVi Oleiros e o Emera Oleiros que ofertan prazas financiadas total o parcialmente pola Xunta, funcionando na práctica como "prazas públicas concertadas" en instalacións privadas.
- E centros de Asociacións: Como o Centro Lamastelle (ASPRONAGA), que é unha asociación, sen ánimo de lucro, que recibe financiamento público para atender a persoas con discapacidade intelectual.

Pois ben, a pregunta que nos facemos hoxe e se esta oferta é suficiente e adecuada á demanda; xa que existe unha ampla lista de espera para acceder a estas prazas, agora mesmo máis de 15 persoas están esperando en Galeras, pero a poboación segue subindo e envellecendo.

**Grupo Parlamentario Socialista**  
Correo [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)  
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas\\_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)

Asinado o día 24/03/2026 ás  
10:12  
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 24/03/2026 ás  
10:12  
Por Silvia Longueira Castro





Para dar una resposta eficaz a esta demanda crecente na poboación en Galicia, analizaremos a necesidade de prazas en centro de día estimada, para o concello, aplicando os estándares internacionais.

Estándares que, empregando o Índice de cobertura recomendado por organismos como a OMS ou as estatísticas do IMSERSO para definir o número de prazas recomendadas, suxiren que no concello de Oleiros se debería contar con máis recursos.

Pois dado que o número de persoas maiores de 65 anos representa en torno ao 20-22 % do total da poboación de Oleiros, ou sexa, a día de hoxe unhas 8.500 persoas. E que o índice de cobertura óptimo para prazas en centros de día, ou sexa, a ratio mínima recomendada, está en torno ao 1,5 % ou 2 % da poboación maior de 65 anos, os datos serían os seguintes:

Concepto	Cifra Estimada
Persoas maiores de 65 en Oleiros	8.500 persoas
Prazas necesarias (ratio 2%)	160 prazas
Prazas públicas actuais (As Galeras)	60 prazas
Déficit teórico	100 prazas

A conclusión é moi clara: cunha poboación de máis de 8.500 maiores de 65 anos e só 60 prazas públicas directas, Oleiros ten unha ratio de cobertura inferior ao 1 %, moi lonxe dese 5 % desexable de prazas entre residencias e centros de día, pero tamén lonxe dese 1.5 ou 2% mínimo de prazas de centro de día recomendado polos organismos internacionais.

**Grupo Parlamentario Socialista**  
Correo [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)  
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas\\_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Conclusión: para cumprir con unha cobertura ideal de prazas 100 % públicas, Oleiros debería ter entre 2 e 3 centros públicos de tamaño similar ao de Galeras.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta:

Cando ten previsto o goberno da Xunta de Galicia implementar as prazas necesarias de centro de día para o Concello de Oleiros?

Santiago de Compostela, 24 de marzo do 2026



**Grupo Parlamentario Socialista**  
Correo [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)  
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas\\_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 24/03/2026 10:12:04

Elena Espinosa Mangana na data 24/03/2026 10:12:11



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/03/2026 10:18:07



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 24/03/2026 10:18:06  
**Nº Rexistro: 53856**  
Data envío: 24/03/2026 10:18:06.451

CSV: BOPGDSPG-3ISAZsL4q-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

**Daniel Castro García**, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre os 120.000 euros públicos gastados pola Xunta de Galiza nunha festa na Suíza á que acudiu o Presidente da Xunta.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Neste mes de marzo o Presidente Alfonso Rueda viaxou ata Suíza para, en palabras do propio goberno, “manter un encontro coa colectividade galega deste país”. Pese a esta motivación, o máis destacable desta viaxe oficial foi o feito de que o goberno galego pagase 120.000 euros públicos por unha festa a que acudiu o propio Rueda e que foi organizada a partes iguais pola Misión Católica de Lingua Española e “As Xeitosiñas”, que é unha asociación de emigrantes galegos e españois dirixida desde hai anos por José Gil Doval, figura fundamental do Partido Popular na diáspora.

A xustificación deste gasto tan grande de diñeiro público foron dúas actuacións musicais e un xantar para mil persoas, que correu a cargo dun xeito máis específico da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

Ante este tipo de comportamentos, desde o Bloque Nacionalista Galego debemos denunciar este tipo de condutas caciquís e de despilfarro de diñeiro público ao dedicarse cifras moi elevadas para gastos como comidas multitudinarias ou actuacións musicais das que soamente poden desfrutar unhas asociacións e outras non, máis grave aínda ao falarmos dunha área como a emigración cuns orzamentos máis pequenos que outras áreas.





GRUPO PARLAMENTARIO  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela, Galiza

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Como xustifica politicamente o goberno galego este tipo de viaxes oficiais do Presidente Rueda?
- Cal foi a axenda institucional do señor Rueda neses días?
- Considera axeitado o goberno gastar 120.000 euros nunha grande comida?
- Cales foron os resultados acadados nesta viaxe oficial?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 24/03/2026 12:46:07



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/03/2026 12:50:11



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 24/03/2026 12:50:11  
**Nº Rexistro: 53863**  
Data envío: 24/03/2026 12:50:11.154

CSV: BOPGDSPG-3ISAZsL4q-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández**, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a avaliación da Lei Ángeles Alvariño para a igualdade no ámbito científico e investigador.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai cinco anos, en xullo de 2021, o Parlamento de Galiza aprobou por unanimidade a Lei Ángeles Alvariño para a igualdade no ámbito científico e investigador. Con esta nova lei, Galiza situouse á vangarda na loita contra a discriminación das mulleres nun sector estratéxico para o desenvolvemento social e económico. Unha lei que permitiu introducir nas convocatorias de I+D factores de corrección para que ningunha muller que decidise ser nai vise prexudicada a súa carreira investigadora.

Cinco anos despois da súa aprobación, desde o G.P. do Bloque Nacionalista Galego –impulsor deste cambio normativo– cremos necesaria a súa avaliación para poder valorar o grao de cumprimento dos seus obxectivos.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta escrita:

- Avaliou a Xunta de Galiza os efectos da aplicación da Lei 13/2021, do 20 de xullo, en materia de igualdade, para garantir a igualdade real entre mulleres e homes no ámbito universitario e da investigación?





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

- Cre o goberno galego que se están a cumprir os obxectivos da lei?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 24/03/2026 14:02:23



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/03/2026 14:06:27



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 24/03/2026 16:30:00  
**Nº Rexistro: 53869**  
Data envío: 24/03/2026 14:06:26.470

CSV: BOPGDSPG-3ISAZsL4q-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

GRUPO PARLAMENTARIO  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 24/03/2026 16:30:00  
Nº Rexistro: 53883  
Data envío: 24/03/2026 16:20:46.069

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños**, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as explicacións da Xunta de Galiza pola mala planificación e posterior paralización do futuro CIS de Nóvoa Santos en Ourense e as rectificacións que debe impulsar.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente a Xunta de Galiza avanzaba aos medios de comunicación a decisión de paralizar a obra do presunto futuro Centro Integral de Saúde de Ourense onde agora se atopa o Centro de Saúde de Nóvoa Santos ata que o xulgado falle os recursos veciñais, situación que vén despois dunha forte oposición tamén no ámbito das e dos sanitarios e das e dos usuarios e usuarias á proposta de traslado da Xunta.

Hai precisamente un ano, malia que esta situación estaba xudicializada desde o 2024, na segunda quincena de marzo de 2025, coñecíase que a Xunta de Galiza, contra a vontade da comunidade sanitaria, decidía unilateralmente prever un traslado consistente en segmentar a prestación sanitaria de atención primaria do Centro de Saúde Nóvoa Santos entre o PAC e o Centro do Couto ante a previsión de demolición do actual edificio para impulsar o futuro Centro Integral de Saúde (CIS) de Ourense. Unha decisión sen consenso, sen rigor profesional e sen a adecuada planificación que debe ser rectificadora e revisada. Máis aínda, isto implicaría traslados do actual PAC, que funciona tamén para determinadas especialidades, ao CHUO, previsión que contou co rexeitamento do persoal dos servizos de saúde mental e coa incógnita do futuro do COF.

A maiores, á hora de avaliar esta chapuza cómpre recordar que a promesa dun CIS para Ourense nacía xa a finais do ano 2020. Porén, a realidade é cinco anos despois, que mentres os CIS de Lugo, de Vigo e de Lalín, comprometidos na mesma altura, están rematados e en funcionamento, o investimento en Ourense continúa na lista de tarefas

Asinado o día 24/03/2026 ás  
16:19  
Por Noa Presas Bergantiños





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

GRUPO PARLAMENTARIO  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 24/03/2026 16:30:00  
**Nº Rexistro: 53883**  
Data envío: 24/03/2026 16:20:46.069

pendentes, da mesma maneira que gran parte do Plan Director do CHUO ou a aposta pola demolición do materno, unha rectificación anunciada con décadas de atraso e que é aínda hoxe un anuncio.

Así as cousas, a Xunta vén de certificar unha nova paralización que fai evidente a necesidade de reorientar a planificación. Esta situación certifica a falta de compromiso coa atención sanitaria ourensá, con atrasos permanentes aos que se suma unha cada vez maior dificultade de consolidar e atraer persoal ao non contar cunha estratexia específica nin favorecer na Área Sanitaria un bo funcionamento.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Asume a Xunta de Galiza o seu fracaso respecto do proxecto de CIS para Ourense e vai reconsiderar co persoal e veciñanza unha saída alternativa?

Vai escoitar a Xunta de Galiza a comunidade sanitaria de Ourense e rectificar as súas decisións unilaterais e equivocadas respecto da reorganización da atención do Centro de Saúde de Novoa Santos ante as obras do futuro CIS?

Valora a Xunta de Galiza buscar outra alternativa para que Ourense conte cun CIS?

Valora outra alternativa de renovación integral do CS Nóvoa Santos?

Asume algunha responsabilidade política por seis anos de parálise mentres outros territorios avanzaron?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 24/03/2026 16:19:11

CSV: BOPGDSPG-3ISAZsL4q-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/03/2026 16:20:46



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 24/03/2026 16:30:00  
**Nº Rexistro: 53883**  
Data envío: 24/03/2026 16:20:46.069

CSV: BOPGDSPG-3ISAZsL4q-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela. Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Iria Taibo Corsanego**, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a falta de profesionais da fisioterapia na Comarca da Coruña.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A falta de profesionais da fisioterapia na área sanitaria da Coruña, especialmente en comparación con outras áreas sanitarias do país, é moi clara. Isto ten consecuencias para o desenvolvemento deste servizo na atención primaria da comarca da Coruña, xa que non é posíbel levar a cabo o labor de prevención que corresponde á primaria, e é preciso que estes profesionais se dediquen a labores específicas da atención especializada, que o Hospital de Oza, que conta con 22 fisioterapeutas, non pode cubrir.

Outras áreas sanitarias cun peso demográfico semellante contan co dobre de fisioterapeutas, polo que a organización do traballo debe ser necesariamente diferente, do mesmo xeito que a atención.

A fisioterapia en atención primaria debe centrarse na prevención e na promoción dun estilo de vida saudábel, mentres que a atención fisioterapéutica no centro de especialidades debería dedicarse a atender patoloxías concretas. A cantidade actual de profesionais da área sanitaria da Coruña obriga a que os e as 6 fisioterapeutas que atenden os centros de saúde da comarca da Coruña (Arteixo, Cambre, Culleredo, Oleiros e Sada) deban facerse cargo de patoloxías que non corresponden aos obxectivos da atención primaria.





GRUPO PARLAMENTARIO  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Como valora o goberno galego a dotación de profesionais da fisioterapia na área sanitaria da Coruña?
- Como valora o goberno galego a atención de fisioterapia na atención primaria na comarca da Coruña?
- Ten previsto o goberno galego a dotación de profesionais da fisioterapia na área sanitaria da Coruña?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 24/03/2026 17:00:09



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/03/2026 17:00:24



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 24/03/2026 17:00:23  
**Nº Rexistro: 53885**  
Data envío: 24/03/2026 17:00:23.168

CSV: BOPGDSPG-3ISAZsL4q-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela. Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Mercedes Queixas Zas**, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a necesidade de a Xunta planificar a dotación de novos recursos educativos en Visma e Monte Mero ante a inminente ampliación do parque residencial.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Actualmente está en marcha a ampliación do parque residencial en Visma e Monte Mero na cidade da Coruña.

Este desenvolvemento urbanístico prevé ofertar máis de 12.000 vivendas entre estes dous barrios da cidade.

Esta importante oferta de vivendas, libres e de protección pública, converterá nos próximos anos estes dous barrios en novos epicentros da humanización da cidade e de asentamento poboacional.

Consecuentemente, a Xunta debe planificar a dotación de servizos públicos básicos como a educación e a sanidade para atender a poboación dos barrios amentados, que xa presentan na actualidade un importante déficit de atención asistencial.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Como vai garantir a Xunta a atención educativa da poboación en Visma?





GRUPO PARLAMENTARIO  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela. Galiza

- Como vai garantir a Xunta a atención educativa da poboación en Monte Mero?
- Ten previsto dotar de novos centros educativos estes dous barrios ante o importante aumento da poboación que se vai producir?
- En que prazo?
- Compromete a Xunta partidas para este fin nos orzamentos de 2027?
- Como vai a Xunta reforzar a atención educativa nos colexios e institutos próximos mentres non se amplíe a oferta dotacional de novos centros en Visma e Monte Mero?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 24/03/2026 17:29:34

CSV: BOPGDSPG-3ISAZsL4q-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/03/2026 17:30:37



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 24/03/2026 17:30:36  
**Nº Rexistro: 53888**  
Data envío: 24/03/2026 17:30:36.446

CSV: BOPGDSPG-3ISAZsL4q-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela. Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Mercedes Queixas Zas**, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a necesidade de a Xunta planificar a dotación de novos recursos sanitarios en Visma e Monte Mero ante a inminente ampliación do parque residencial.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Actualmente está en marcha a ampliación do parque residencial en Visma e Monte Mero na cidade da Coruña.

Este desenvolvemento urbanístico prevé ofertar máis de 12.000 vivendas entre estes dous barrios da cidade.

Esta importante oferta de vivendas, libres e de protección pública, converterá nos próximos anos estes dous barrios en novos epicentros da humanización da cidade e de asentamento poboacional.

Consecuentemente, a Xunta debe planificar a dotación de servizos públicos básicos como a educación e a sanidade para atender a poboación dos barrios amentados, que xa presentan na actualidade un importante déficit de atención asistencial.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Como vai garantir a Xunta a atención sanitaria da poboación en Visma?





GRUPO PARLAMENTARIO  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela. Galiza

- Como vai garantir a Xunta a atención sanitaria da poboación en Monte Mero?
- Ten previsto dotar de novos centros de saúde estes dous barrios ante o importante aumento da poboación?
- En que prazo?
- Compromete a Xunta partidas para este fin nos orzamentos de 2027?
- Como vai a Xunta reforzar a asistencia sanitaria nos centros de saúde próximos mentres non se amplíe a oferta dotacional de centros de saúde en Visma e Monte Mero?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 24/03/2026 17:39:21

CSV: BOPGDSPG-3ISAZsL4q-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 24/03/2026 17:40:12  
**Nº Rexistro: 53891**  
Data envío: 24/03/2026 17:40:12.920

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 24/03/2026 17:40:13

CSV: BOPGDSPG-3ISAZsL4q-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Oscar Insua Lema**, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a necesidade de actualizar o mapa farmacéutico galego para autorizar unha nova farmacia en Paiosaco, no concello da Laracha.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A última aprobación do mapa farmacéutico galego realizouse a través do Decreto 127/2017, do 23 de novembro, polo que se aprobaba o mapa farmacéutico de Galiza, e se planificaba a autorización de novas oficinas de farmacia e se fixaba a delimitación territorial para a súa localización. Neste decreto autorizábanse a creación de 41 novas farmacias, 20 delas en concellos rurais, 14 en concellos semiurbanos e 7 en concellos urbanos, farmacias que se adxudicarían a través dun concurso público iniciado no ano 2018.

Dende aquela, non se volviu a actualizar este mapa farmacéutico, a pesar de que houbo concellos que si sufriron algúns cambios demográficos, polo que cumprindo os requisitos esixidos, terían dereito a ter unha nova farmacia no seu municipio. Este é o caso do concello da Laracha, emprazado na lei como zona farmaceutica semiurbana ao ter unha poboación entre 10.000 e 30.000 habitantes, e que conta con catro farmacias autorizadas e abertas e tería dereito a ter unha máis.

O artigo 32.1 b) da Lei 3/2019, do 2 de xullo, de ordenación farmacéutica de Galicia establece o cálculo das oficinas de farmacia que corresponden nas zonas farmacéuticas semiurbanas: unha por cada dous mil cincocentos habitantes empadroados, agás que se supere esa proporción en mil cincocentos habitantes; neste suposto poderá establecerse unha nova oficina de farmacia sempre e cando se constate un incremento neto poboacional desa zona nos últimos cinco anos.





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Os datos do IGE sobre a poboación da Laracha nos últimos cinco anos ratifican o cumprimento destes requisitos pois pasouse de 11.521 persoas censadas no 2021 a 11.773 no ano 2025, polo que se superan a proporción dos 10.000 habitantes en 1.500 persoas.

No ano 2022 o daquela conselleiro de Sanidade, Julio Comesaña, anunciaba publicamente que o concello da Laracha cumpría cos requisitos, polo que incluíría unha nova farmacia no próximo concurso público para súa adxudicación sempre e cando dita circunstancia se mantivese no tempo. As promesas do partido popular levounas o vento, como nos teñen acostumados e o concello segue sen a quinta oficina de farmacia.

Desde o BNG consideramos que esa quinta farmacia ten que ser para a localidade de Paiosaco, unha demanda histórica que levamos reivindicando desde hai moitos anos e que tamén leva reclamando os veciños e veciñas desta poboación que no seu día, por medio dunha asociación veciñal, xa fixera unha recollida de centos de sinaturas para apoiar esta demanda. A parroquia de Lestón, ademais de contar cunha das feiras máis importantes da provincia no lugar de Paiosaco, é na actualidade a de maior poboación do noso concello das que non contan cunha farmacia (que só hai nas parroquias de Torás, Cabovilaño e Caión), e polo tanto non pode quedar ningunha dúbida de que esa quinta farmacia ten que ser localizada en Paiosaco.

O artigo 34 da lei de ordenación farmacéutica de Galiza establece que o mapa farmacéutico deberá ser revisado cando se detecten alteracións significativas no padrón ou outras circunstancias que leven consigo cambios nas necesidades de atención farmacéutica dunha ou varias zonas. Vai para dez anos dende a súa última aprobación e a Xunta de Galiza segue sen actualizar o mapa de farmacias, e por tanto prexudicando as zonas que medraron nos últimos anos e que teñen dereito a ter unha farmacia por cumprir os requisitos esixidos na lei galega.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Cal é o motivo polo que a Xunta de Galiza non cumpriu a súa promesa de actualizar o mapa farmacéutico galego e autorizar así unha nova farmacia en Paiosaco, na Laracha?





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

- Coñece o goberno galego a situación das farmacias na Laracha?
- Por que despois de case nove anos o goberno galego segue sen actualizar o mapa farmacéutico galego?
- Existe algunha presión do sector para que o mapa non se actualice?
- Considera a Consellería que o concello da Laracha cumpre cos requisitos para ter unha quinta farmacia?
- Cando ten pensado o goberno galego actualizar o mapa farmacéutico galego?
- Vai a autorizar a Consellería de sanidade unha nova farmacia en Paiosaco este ano 2026?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 24/03/2026 18:14:26



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 24/03/2026 18:15:57  
**Nº Rexistro: 53897**  
Data envío: 24/03/2026 18:15:57.062

CSV: BOPGDSPG-3ISAZsL4q-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 24/03/2026 18:15:57  
**Nº Rexistro: 53897**  
Data envío: 24/03/2026 18:15:57.062

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/03/2026 18:15:57

CSV: BOPGDSPG-3ISAZsL4q-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

**María Carmen Rodríguez Dacosta, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

Nos últimos días coñecemos que o Servizo Galego de Saúde decidiu paralizar sen data o inicio das obras do Centro Integral de Saúde Novoa Santos, á espera dunha resolución xudicial sobre os recursos presentados polos veciños. Unha decisión que resulta difícil de entender, porque os recursos xudiciais están interpostos desde finais do ano 2024, e a Xunta era plenamente coñecedora desta situación cando, durante meses, mantivo a súa intención de seguir adiante co proxecto e mesmo iniciou a planificación dos traslados.

De feito, en febreiro de 2025 seguían producíndose reunións co persoal para organizar o desaloxo e a reubicación dos servizos, o que evidencia que a existencia dos recursos non impedía avanzar no proxecto.

Esta mudanza de criterio, sen transparencia nin xustificación suficiente, xera unha enorme incerteza e transmite unha sensación clara de improvisación.

Porque mentres se paraliza a obra:

- non hai calendario de execución,
- non hai licitación en marcha,
- e, ao mesmo tempo, mantense un proceso de reorganización asistencial que afecta a miles de persoas,

**Grupo Parlamentario Socialista**  
Correo [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)  
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas\\_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)



E todo isto sen participación, sen planificación clara e sen garantías para pacientes nin profesionais, por iso, as deputadas que asinan solicitan, en resposta escrita, contestación ás seguintes preguntas:

1. Por que decide a Xunta de Galicia paralizar agora o proxecto do CIS Novoa Santos cando coñecía a existencia dos recursos xudiciais desde finais do ano 2024?
2. Que cambiou desde ese momento ata agora para xustificar esta mudanza de criterio?
3. Por que durante meses se continuou coa planificación dos traslados e da demolición do edificio se agora se considera necesario agardar a unha resolución xudicial?
4. Existía un calendario real de licitación e execución da obra antes desta decisión de paralización?
5. Considera o Goberno galego que esta actuación responde a unha planificación rigorosa ou a unha reacción improvisada ante a situación xudicial?
6. Que consecuencias terá esta paralización sobre os prazos reais de execución do novo centro?
7. Ten a Xunta de Galicia definida unha planificación para o uso futuro do edificio do Centro de Especialidades da rúa Concello no caso de que, finalmente, se produza o traslado dos seus servizos ao novo CIS Novoa Santos, ou estamos ante outra infraestrutura sen destino claro tras anos de anuncios e cambios de criterio?





Santiago de Compostela, 24 de marzo de 2026



**Grupo Parlamentario Socialista**  
Correo [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)  
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas\_gal**

CSV: BOPGDSPG-3ISAZsL4q-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 24/03/2026 18:14:22

Carmen Rodríguez Dacosta na data 24/03/2026 18:15:32

Silvia Longueira Castro na data 24/03/2026 18:15:41



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/03/2026 18:18:27



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 24/03/2026 18:18:27  
**Nº Rexistro: 53903**  
Data envío: 24/03/2026 18:18:27.083

CSV: BOPGDSPG-3ISAZsL4q-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños**, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á valoración dos recursos de atención psicolóxica a vítimas de violencia machista que ten a Xunta de Galiza e as necesidades de mellora que debe impulsar ante as queixas sinaladas polo Defensor do Pobo e colectivos feministas.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente facíase público o Informe Anual que recolle o traballo do Defensor do Pobo a nivel estatal levado a cabo ao longo do ano 2025. En dito informe recóllense distintas queixas e recomendacións respecto do ámbito da loita contra a violencia machista e a protección das súas vítimas. Entre elas, sitúase unha queixa referente a unha situación na que a Xunta de Galiza, en contra do criterio das profesionais que a atendían, retirou a unha vítima a posibilidade de continuar a atención psicolóxica que estaba a recibir por derivación xudicial e que seguía a precisar. Así, nun escrito con data de decembro de 2025 recóllese dita situación, que o goberno galego xustificou no remate das sesións recollidas polo convenio co Colexio de Psicología, limitada a un máximo de 10 sesións ou 15 en casos moi graves.

Esta situación amosa a insuficiencia da atención psicolóxica a vítimas de violencia en Galiza, xa que malia o gran traballo que fai o Colexio de Psicología e a rede de CIM, 18 anos despois da súa promulgación segue sen se desenvolver o artigo 25 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. Así mesmo, a incorporación dos centros de crise 24 horas segue





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

sen avaliarse e sen verificarse cal é a contribución deste recurso á atención psicolóxica para as vítimas, tendo en conta ademais do escaso grao de esixencia de formación e cualificación do prego de condicións e a falta de transparencia do goberno galego respecto da súa actuación.

Na tramitación da referida queixa, o Defensor do Pobo recomenda “que a Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero teña en conta os informes dos servizos psicolóxicos que atenden á persoa sobre a que versa a queixa, que avaliaron como insuficiente a atención psicolóxica prestada no marco do Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres Vítimas de Violencia de Xénero, amparado no convenio co Colexio de Psicólogos, e considere a derivación da usuaria ao recurso público de atención psicolóxica axeitado que poida proporcionarlle a intervención a longo prazo que precise ata a súa plena recuperación, sen limitación do número de sesións.”

Polo tanto, en aras a este caso, recóllese no Informe anual a recomendación de que “Que a Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero teña en conta os informes dos servizos psicolóxicos nos que se teña avaliado como insuficiente a atención psicolóxica prestada no marco do Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres Vítimas de Violencia de Xénero, amparado no convenio co Colexio de Psicólogos, e que se considere a derivación da usuaria ao recurso público de atención psicolóxica correspondente, que poida facilitar a intervención a longo prazo que precise, ata acadar a recuperación total da vítima, sen limitar o número de sesións.”

O coñecemento deste caso, xunto coas queixas facilitadas polos colectivos feministas e as persoas expertas que interveñen na cadea de actuación ante a violencia machista deben levar a un exercicio de transparencia sobre posibles eivas e a un exercicio de responsabilidade política traballando na ampliación dos servizos e na liña sinalada polo Consello de Contas, entre outros, de reforzo do sistema público.



Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Que correccións e melloras aplicou o goberno galego aos recursos de atención para vítimas de violencia machista despois de que o Defensor do Pobo actuara ante un caso no que, contra o criterio profesional, retirou a atención psicolóxica que precisaba a vítima?

Considera que a actuación da Xunta foi correcta?

A quen responsabiliza da revitimización e abandono desta vítima?

Este caso ten relación co incremento de requisitos que a Xunta engadiu ao Convenio co Colexio de Psicoloxía? Vai manter este criterio en futuras renovacións?

Cantas ampliacións de sesións de asistencia psicolóxica ao abeiro do convenio co Colexio de Psicoloxía foron denegadas no que vai de 2026? e no 2025? e no 2024?

Cantas en contra do criterio profesional psicolóxico?

Quen é ou son responsables finais da denegación? Que formación e rango de responsabilidade teñen acreditada?

Cales foron as razóns?

Considera a Xunta de Galiza que as sesións previstas no convenio co Colexio de Psicoloxía son suficientes? Que vai facer para ampliar a atención se non é posible ampliar este convenio?

Considera que os CIM teñen suficiente capacidade para fornecer esta axuda?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 25/03/2026 9:02:18





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 25/03/2026 9:04:20

CSV: BOPGDSPG-3ISAZsL4q-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Oscar Insua Lema**, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as medidas adoptar para mellorar a mobilidade do alumnado de ensino non obrigatorio residente en Laxe.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No concello de Laxe, o alumnado matriculado en calquera das modalidades de ensino non obrigatorio, bacharelato e ciclos formativos fano de forma maioritaria nos institutos I.E.S. Eduardo Pondal de Ponteceso ou no I.E.S. Maximino Romero de Lema de Baio (Zas) e teñen que sufrir os mesmos problemas que moitos outros alumnos na Costa da Morte co transporte público de autobús, o único medio público existente.

Este alumnado de Laxe, utiliza o transporte habilitado para o alumnado da educación obrigatoria, tanto para ir a Ponteceso como a Baio, collendo o autobús nas paradas dispostas para os nenos e nenas da ESO, pero atópanse con dous problemas.

O primeiro é que algúns días da semana que teñen aulas pola tarde, non teñen bus, nin para ir nin para volver, polo que teñen que buscarse a vida, e xa están habituados a marchar antes de que rematen as aulas para poder coller o autobús que non espera, porque os horarios ordinarios non coinciden cos horarios dos institutos. O segundo problema é que algúns destes alumnos residen no lugar de Traba, a parroquia máis habitada despois do núcleo urbano de Laxe, e teñen que desprazarse ata Laxe, para poder coller o autobús que sae directo para os seus institutos.

O paradoxo é que no mesmo lugar de Traba si existen paradas de autobús, pero habilitadas para o alumnado do CPI Cabo da Area de Laxe, paradas plenamente





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

operativas e integradas nas rutas oficiais de transporte escolar, polo que a súa utilización ampliada ao alumnado de educación postobrigatoria non suporía unha modificación substancial da infraestrutura existente nin un incremento significativo dos recursos necesarios, e poderían collelo para enlazar co autobús en Laxe. O alumnado de educación postobrigatoria residente na parroquia de Traba, a día de hoxe, carece da posibilidade de coller ese autobús nesa parada de transporte escolar que lles permita acceder ao centro educativo de referencia en condicións de igualdade, seguridade e regularidade.

Precisamos unha boa coordinación na xestión do servizo público de autobuses en Laxe para as conexións cos IES de Ponteceso e Baio, só así conseguiríamos mellorar o acceso á educación postobrigatoria do alumnado afectado, reducindo tempos de desprazamento, impulsando o uso do transporte colectivo e cumprindo o principio de igualdade no acceso ao sistema educativo público.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Ten constancia a Xunta de Galiza da problemática do alumnado de Laxe coas liñas de transporte público escolar que se relata nesta iniciativa?

-Recibiu algunha comunicación a Dirección xeral de mobilidade do concello de Laxe sobre os problemas que teñen os alumnos que acoden aos institutos de Ponteceso e Baio?

- Vai a Consellería a adoptar algunha medida para coordinar as liñas de transporte público para solucionar as demandas dos alumnos de Laxe que cursan estudos postobrigatorios?





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

-Cal é o compromiso da Xunta cos concellos que se atopan na periferia en reto demográfico, en aplicación da Lei de impulso demográfico aprobada polo Partido Popular no parlamento galego para solucionar os problemas de transporte público?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 25/03/2026 9:07:05

CSV: BOPGDSPG-3ISAZsL4q-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/03/2026 9:09:34



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 25/03/2026 09:30:00  
**Nº Rexistro: 53923**  
Data envío: 25/03/2026 09:09:33.455

CSV: BOPGDSPG-3ISAZsL4q-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

**Saleta Chao Rivas**, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa ao CEIP O Coto de Negreira.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En 2025 o CEIP O Coto de Negreira celebrou o seu 50 aniversario. Trátase do único centro de educación infantil e primaria do concello, que a diferenza de outros colexios da comarca aumenta a matrícula ano a ano.

Malia ser o único CEIP de todo o concello leva anos agardando investimentos para corrixir as grandes eivas estruturais que presentan as instalacións froito do paso do tempo, xa que leva desde 1975 sen que se realizasen actuacións de calado nos distintos espazos do centro.

As graves deficiencias que presenta a nivel estrutural agudízanse en relación a tres aspectos que é preciso abordar de maneira urxente por parte da Xunta de Galiza.

En primeiro lugar, incúmprese a normativa de accesibilidade vixente. Hai zonas do centro que son directamente inaccesibles para persoas que se despracen en cadeira de rodas ou persoas con mobilidade reducida que non poidan salvar barreiras arquitectónicas, como algúns niveis do patio, a aula de música ou a biblioteca. Incluso o elevador do centro nalgúns niveis ten escaleiras que impiden a accesibilidade.

Tampouco se ten actuado para renovar a instalación eléctrica que, ademais de presentar avaliacións desfavorables que xustifican a necesidade desa actuación, interfieren no día a día do centro, incluso chegando a fallar varias veces todos os días e afectando ao uso de equipos electrónicos e dos produtos e medicacións que precisan refrixeración.



En terceiro lugar, o estado global do centro, con múltiples puntos de filtración de auga e uns espazos interiores e exteriores moi danados, non só prexudica a imaxe do centro, supón tamén un risco para a seguridade do alumando, profesorado e persoal de administración, xestión e servizos do centro que ten que utilizar espazos que soportan grandes niveis de humidade, fendas estruturais, ocos no falso teito que deixan cables ao descuberto ou zonas de patio con buratos grandes e perigosos. É tamén o caso das tubaxes, posiblemente de ferro, que coloran a auga, ou o estado do cableado.

O deterioro do centro é tan evidente que unha simple ollada aos corredores deixa ver o mal estado das plaquetas do chan ou as zonas nas que son diferentes porque non se substituíron as rotas por unhas iguais ás orixinais, ou que as portas das aulas son diferentes. Respecto das portas, hai moitas aulas nas que teñen buratos e a solución do profesorado, ideada de forma temporal mais que perdura no tempo, é forralas con papel a modo de murais. As portas das aulas evidencian o abandono deste centro ao longo dos anos. As que se cambiaron son diferentes entre si e incluso hai unha aula que ten unha porta dunha casa.

Estes son só algúns exemplos das gravísimas eivas estruturais do CEIP O Coto de Negreira, un centro de 1975 que precisa unha avaliación de riscos urxente e unha reforma integral non só porque as instalacións estean obsoletas a nivel funcional, incumpran a normativa de accesibilidade ou teñan graves fallos eléctricos, senón porque o estado global das instalacións podería poñer en risco a integridade e seguridade de alumnado, profesorado e persoal de administración, xestión e servizos no uso de moitos dos espazos do centro.

En pleno 2026 é inadmisíbel que unhas instalacións educativas se atopen neste estado, xa que os espazos e equipamentos educativos son fundamentais tamén na experiencia e no proceso de aprendizaxe do alumnado. Uns espazos definidos nos obxectivos do Plan de arquitectura pedagóxica da Xunta de Galiza como os que proporcionan “un ambiente san, cómodo, seguro, protexido e estimulante para os seus usuarios”, filosofía que non se corresponde co deseño e condición dos espazos do CEIP O Coto de Negreira.



A comunidade educativa do CEIP O Coto leva anos loitando para conseguir que a Xunta de Galiza actúe e resolva as graves deficiencias estruturais que arrastra este colexio desde hai tanto tempo, conseguindo só actuacións puntuais que supoñen pór parches a unhas carencias que se gravan curso a curso.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Considera a Consellería de Educación que o CEIP O Coto de Negreira cumpre a normativa vixente en materia de accesibilidade?

- Cumpre a instalación eléctrica do CEIP O Coto os requisitos para ser considerada unha instalación segura para os estándares de 2026 e suficiente para atender as necesidades enerxéticas do centro?

- Ten previsto a Xunta de Galiza actuar nas zonas de patio do CEIP O Coto para cubrir os buratos e explorar a posibilidade de aplicar un tratamento do chan para evitar os esvaróns nas zonas cubertas que concentran grandes humidades e onde o alumnado escorrega con facilidade?

- Vai incluír a Consellería de Educación nos proxectos de investimento para 2027 a reforma integral do CEIP O Coto de Negreira?

- Que previsións ten a Consellería de Educación para actuar no CEIP O Coto de Negreira e solucionar as graves deficiencias estruturais do centro?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Saleta Chao Rivas na data 25/03/2026 9:25:23

CSV: BOPGDSPG-3ISAZsL4q-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 25/03/2026 09:30:00  
**Nº Rexistro: 53928**  
Data envío: 25/03/2026 09:27:02.783

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 25/03/2026 9:27:03

CSV: BOPGDSPG-3ISAZsL4q-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

**Iago Suárez Fernández**, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o nivel de cumprimento por parte da Dirección Xeral de Xuventude da lei 6/2012 do 19 de xuño de xuventude de Galiza.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2012 o Executivo galego aprobou no Parlamento a Lei que pasaría a denominarse 6/2012 do 19 de xuño de Xuventude de Galiza. Unha lei que, segundo se di no preámbulo, se tramitou para saldar unha “débeda pendente coa mocidade galega”. Naquela altura, xa se alertaba desde algunhas asociacións xuvenís e desde o BNG que a lei nacía coxa por ser pouco ambiciosa e cun nivel de concreción completamente insuficiente para coa mocidade do noso país. Agora, case 15 anos despois da aprobación da lei, é pertinente analizarmos o nivel de cumprimento da propia lei por parte do goberno galego e as consecuencias, xa foren estas positivas ou negativas, derivadas da entrada en vigor do texto legal.

Desde o Grupo Parlamentar do BNG podemos afirmar que, tal e como se vaticinaba xa en 2012, a lei non serviu para resolver practicamente ningún dos problemas que sofren as capas máis novas da sociedade galega. A práctica inexistencia de medidas concretas recollidas na lei xa ou, nos casos en que se recollen medidas, o incumprimento destas por parte da Xunta de Galiza, levaron a que este texto non tivese ningún efecto na vida real da nosa mocidade.





GRUPO PARLAMENTARIO  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela. Galiza

É por iso que apelamos á Dirección Xeral de Xuventude, dependente agora da Consellaría de Cultura, Lingua e Xuventude, a que faga avaliación da súa propia lei e do seu nivel de cumprimento desde o ano 2012 e que, desde un exercicio de honestidade, recoñeza os erros cometidos e as medidas que debe tomar a partir de agora para mellorar a vida da xuventude galega, resolvendo as súas problemáticas e a tendendo as súas xustas e lexítimas reivindicacións.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Que análise fai a Xunta de Galiza do nivel de cumprimento da lei 6/2012 do 19 de xuño?
- Pensa o goberno galego que serviu esta lei para resolver os problemas da mocidade galega?
- Por que incumpre a Xunta de Galiza varios dos artigos recollidos na lei?
- Pensa a Xunta de Galiza que é preciso actualizar o texto?
- En caso afirmativo, está en disposición de o facer?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Iago Suárez Fernández na data 25/03/2026 11:59:43

CSV: BOPGDSPG-3ISAZsL4q-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/03/2026 12:01:12



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 25/03/2026 12:01:11  
**Nº Rexistro: 53938**  
Data envío: 25/03/2026 12:01:11.646

CSV: BOPGDSPG-3ISAZsL4q-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

**Aitor Bouza Manso** e **Silvia Longueira Castro**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito**.

O recente nomeamento como director territorial de Educación dunha persoa que realizou manifestacións públicas de carácter machista e de exaltación do franquismo supón un feito de extrema gravidade política e institucional, especialmente polo ámbito de responsabilidade que afecta directamente ao sistema educativo galego e á transmisión de valores democráticos ás novas xeracións.

A Xunta de Galicia xustificou este nomeamento apelando a unha suposta “traxectoria de xestión recoñecida”, mais esta valoración non pode prevalecer sobre a necesidade de garantir exemplaridade, integridade e respecto aos principios democráticos no exercicio de cargos públicos. A educación pública debe ser un espazo de promoción da igualdade, da memoria democrática e do respecto aos dereitos fundamentais, polo que resulta incompatible que quen exerce funcións directivas na administración educativa teña protagonizado declaracións que cuestionan estes valores.

O propio marco normativo autonómico establece que o nomeamento e separación das direccións territoriais corresponde libremente á persoa titular da consellería, atendendo a criterios de competencia profesional e experiencia. Porén, esta facultade discrecional non pode desvincularse das obrigas legais en materia de transparencia e bo goberno. A Lei galega de transparencia e bo goberno establece que as persoas que ocupan altos cargos están suxeitas aos

Asinado o día 25/03/2026 ás  
11:47  
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 25/03/2026 ás  
11:47  
Por Aitor Bouza Manso

**Grupo Parlamentario Socialista**  
Correo [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)  
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas\\_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





principios recollidos no Código Ético institucional da Xunta de Galicia, cuxa adhesión debe figurar expresamente no acto de nomeamento.

Este Código Ético sinala como requisito esencial non só o cumprimento estrito da legalidade, senón tamén unha demostración constante de ética, exemplaridade e honorabilidade no exercicio da responsabilidade pública. A permanencia no cargo dunha persoa cuxas manifestacións públicas entran en contradición cos principios de igualdade e memoria democrática supón, polo tanto, unha vulneración evidente destes estándares institucionais.

A decisión do Goberno galego de manter este nomeamento proxecta unha mensaxe profundamente negativa á comunidade educativa e á sociedade galega no seu conxunto, cuestiona a coherencia das políticas públicas en materia de igualdade e memoria democrática e erosiona a confianza cidadá nas institucións.

Por todo o exposto, resulta necesario que a Xunta de Galicia actúe con responsabilidade política e institucional e proceda ao cesamento inmediato desta persoa, garantindo que os cargos públicos vinculados á educación respondan aos principios democráticos e éticos que deben rexer a acción pública.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta:

Considera o Goberno galego que as manifestacións públicas de carácter machista e de exaltación do franquismo realizadas polo actual director territorial de Educación son compatibles co exercicio das súas funcións institucionais para os que foi nomeado?

Santiago de Compostela, 25 de marzo do 2026

**Grupo Parlamentario Socialista**  
Correo [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)  
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas\\_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 25/03/2026 11:47:02

Silvia Longueira Castro na data 25/03/2026 11:47:08



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 25/03/2026 12:20:30  
**Nº Rexistro: 53945**  
Data envío: 25/03/2026 12:20:30.354

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 25/03/2026 12:20:31

CSV: BOPGDSPG-3ISAZsL4q-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

**Aitor Bouza Manso** e **Silvia Longueira Castro**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito**.

O recente nomeamento como director territorial de Educación dunha persoa que realizou manifestacións públicas de carácter machista e de exaltación do franquismo supón un feito de extrema gravidade política e institucional, especialmente polo ámbito de responsabilidade que afecta directamente ao sistema educativo galego e á transmisión de valores democráticos ás novas xeracións.

A Xunta de Galicia xustificou este nomeamento apelando a unha suposta “traxectoria de xestión recoñecida”, mais esta valoración non pode prevalecer sobre a necesidade de garantir exemplaridade, integridade e respecto aos principios democráticos no exercicio de cargos públicos. A educación pública debe ser un espazo de promoción da igualdade, da memoria democrática e do respecto aos dereitos fundamentais, polo que resulta incompatible que quen exerce funcións directivas na administración educativa teña protagonizado declaracións que cuestionan estes valores.

O propio marco normativo autonómico establece que o nomeamento e separación das direccións territoriais corresponde libremente á persoa titular da consellería, atendendo a criterios de competencia profesional e experiencia. Porén, esta facultade discrecional non pode desvincularse das obrigas legais en materia de transparencia e bo goberno. A Lei galega de transparencia e bo goberno establece que as persoas que ocupan altos cargos están suxeitas aos

Asinado o día 25/03/2026 ás  
11:47  
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 25/03/2026 ás  
11:47  
Por Aitor Bouza Manso

**Grupo Parlamentario Socialista**  
Correo [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)  
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas\\_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





principios recollidos no Código Ético institucional da Xunta de Galicia, cuxa adhesión debe figurar expresamente no acto de nomeamento.

Este Código Ético sinala como requisito esencial non só o cumprimento estrito da legalidade, senón tamén unha demostración constante de ética, exemplaridade e honorabilidade no exercicio da responsabilidade pública. A permanencia no cargo dunha persoa cuxas manifestacións públicas entran en contradición cos principios de igualdade e memoria democrática supón, polo tanto, unha vulneración evidente destes estándares institucionais.

A decisión do Goberno galego de manter este nomeamento proxecta unha mensaxe profundamente negativa á comunidade educativa e á sociedade galega no seu conxunto, cuestiona a coherencia das políticas públicas en materia de igualdade e memoria democrática e erosiona a confianza cidadá nas institucións.

Por todo o exposto, resulta necesario que a Xunta de Galicia actúe con responsabilidade política e institucional e proceda ao cesamento inmediato desta persoa, garantindo que os cargos públicos vinculados á educación respondan aos principios democráticos e éticos que deben rexer a acción pública.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta:

Entende a Xunta de Galicia que o comportamento e as declaracións desta persoa compren cos principios establecidos no Código Ético institucional da Xunta de Galicia?

Santiago de Compostela, 25 de marzo do 2026

**Grupo Parlamentario Socialista**  
Correo [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)  
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas\\_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 25/03/2026 11:47:16

Silvia Longueira Castro na data 25/03/2026 11:47:22



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 25/03/2026 12:22:25  
**Nº Rexistro: 53949**  
Data envío: 25/03/2026 12:22:25.728

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 25/03/2026 12:22:26

CSV: BOPGDSPG-3ISAZsL4q-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

**Aitor Bouza Manso** e **Silvia Longueira Castro**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito**.

O recente nomeamento como director territorial de Educación dunha persoa que realizou manifestacións públicas de carácter machista e de exaltación do franquismo supón un feito de extrema gravidade política e institucional, especialmente polo ámbito de responsabilidade que afecta directamente ao sistema educativo galego e á transmisión de valores democráticos ás novas xeracións.

A Xunta de Galicia xustificou este nomeamento apelando a unha suposta “traxectoria de xestión recoñecida”, mais esta valoración non pode prevalecer sobre a necesidade de garantir exemplaridade, integridade e respecto aos principios democráticos no exercicio de cargos públicos. A educación pública debe ser un espazo de promoción da igualdade, da memoria democrática e do respecto aos dereitos fundamentais, polo que resulta incompatible que quen exerce funcións directivas na administración educativa teña protagonizado declaracións que cuestionan estes valores.

O propio marco normativo autonómico establece que o nomeamento e separación das direccións territoriais corresponde libremente á persoa titular da consellería, atendendo a criterios de competencia profesional e experiencia. Porén, esta facultade discrecional non pode desvincularse das obrigas legais en materia de transparencia e bo goberno. A Lei galega de transparencia e bo goberno establece que as persoas que ocupan altos cargos están suxeitas aos

Asinado o día 25/03/2026 ás  
11:47  
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 25/03/2026 ás  
11:47  
Por Aitor Bouza Manso

**Grupo Parlamentario Socialista**  
Correo [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)  
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas\\_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





principios recollidos no Código Ético institucional da Xunta de Galicia, cuxa adhesión debe figurar expresamente no acto de nomeamento.

Este Código Ético sinala como requisito esencial non só o cumprimento estrito da legalidade, senón tamén unha demostración constante de ética, exemplaridade e honorabilidade no exercicio da responsabilidade pública. A permanencia no cargo dunha persoa cuxas manifestacións públicas entran en contradición cos principios de igualdade e memoria democrática supón, polo tanto, unha vulneración evidente destes estándares institucionais.

A decisión do Goberno galego de manter este nomeamento proxecta unha mensaxe profundamente negativa á comunidade educativa e á sociedade galega no seu conxunto, cuestiona a coherencia das políticas públicas en materia de igualdade e memoria democrática e erosiona a confianza cidadá nas institucións.

Por todo o exposto, resulta necesario que a Xunta de Galicia actúe con responsabilidade política e institucional e proceda ao cesamento inmediato desta persoa, garantindo que os cargos públicos vinculados á educación respondan aos principios democráticos e éticos que deben rexer a acción pública.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta:

Ten previsto o Goberno galego proceder ao cesamento inmediato do actual director territorial de Educación ante a gravidade das súas manifestacións públicas e a súa eventual incompatibilidade cos principios do Código Ético institucional da Xunta de Galicia?

Santiago de Compostela, 25 de marzo do 2026

**Grupo Parlamentario Socialista**  
Correo [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)  
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas\\_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 25/03/2026 11:47:30

Silvia Longueira Castro na data 25/03/2026 11:47:36



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/03/2026 12:23:32



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 25/03/2026 12:23:31  
**Nº Rexistro: 53953**  
Data envío: 25/03/2026 12:23:31.359

CSV: BOPGDSPG-3ISAZsL4q-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

**Aitor Bouza Manso** e **Silvia Longueira Castro**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito**.

O recente nomeamento como director territorial de Educación dunha persoa que realizou manifestacións públicas de carácter machista e de exaltación do franquismo supón un feito de extrema gravidade política e institucional, especialmente polo ámbito de responsabilidade que afecta directamente ao sistema educativo galego e á transmisión de valores democráticos ás novas xeracións.

A Xunta de Galicia xustificou este nomeamento apelando a unha suposta “traxectoria de xestión recoñecida”, mais esta valoración non pode prevalecer sobre a necesidade de garantir exemplaridade, integridade e respecto aos principios democráticos no exercicio de cargos públicos. A educación pública debe ser un espazo de promoción da igualdade, da memoria democrática e do respecto aos dereitos fundamentais, polo que resulta incompatible que quen exerce funcións directivas na administración educativa teña protagonizado declaracións que cuestionan estes valores.

O propio marco normativo autonómico establece que o nomeamento e separación das direccións territoriais corresponde libremente á persoa titular da consellería, atendendo a criterios de competencia profesional e experiencia. Porén, esta facultade discrecional non pode desvincularse das obrigas legais en materia de transparencia e bo goberno. A Lei galega de transparencia e bo goberno establece que as persoas que ocupan altos cargos están suxeitas aos

Asinado o día 25/03/2026 ás  
11:48  
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 25/03/2026 ás  
11:47  
Por Aitor Bouza Manso

**Grupo Parlamentario Socialista**  
Correo [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)  
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas\\_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





principios recollidos no Código Ético institucional da Xunta de Galicia, cuxa adhesión debe figurar expresamente no acto de nomeamento.

Este Código Ético sinala como requisito esencial non só o cumprimento estrito da legalidade, senón tamén unha demostración constante de ética, exemplaridade e honorabilidade no exercicio da responsabilidade pública. A permanencia no cargo dunha persoa cuxas manifestacións públicas entran en contradición cos principios de igualdade e memoria democrática supón, polo tanto, unha vulneración evidente destes estándares institucionais.

A decisión do Goberno galego de manter este nomeamento proxecta unha mensaxe profundamente negativa á comunidade educativa e á sociedade galega no seu conxunto, cuestiona a coherencia das políticas públicas en materia de igualdade e memoria democrática e erosiona a confianza cidadá nas institucións.

Por todo o exposto, resulta necesario que a Xunta de Galicia actúe con responsabilidade política e institucional e proceda ao cesamento inmediato desta persoa, garantindo que os cargos públicos vinculados á educación respondan aos principios democráticos e éticos que deben rexer a acción pública.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta:

Foi incorporada expresamente a adhesión ao Código Ético no acto de nomeamento deste cargo, tal e como establece a normativa de transparencia e bo goberno?

Santiago de Compostela, 25 de marzo do 2026

**Grupo Parlamentario Socialista**  
Correo [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)  
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas\\_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 25/03/2026 11:47:52

Silvia Longueira Castro na data 25/03/2026 11:48:17



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/03/2026 12:24:27



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 25/03/2026 12:24:26  
**Nº Rexistro: 53956**  
Data envío: 25/03/2026 12:24:26.346

CSV: BOPGDSPG-3ISAZsL4q-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

**Patricia Iglesias Rey e Lara Méndez López**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito**.

As deputadas e deputados socialistas de Galicia queremos trasladar ao Parlamento a profunda preocupación social existente pola planta de biogás proxectada en Vista Alegre, parroquia de Soandres (A Laracha), un proxecto que exemplifica á perfección o modelo improvisado, opaco e sen planificación da Xunta de Galicia en materia de biogás.

Este proxecto, anunciado xa no ano 2022 polo entón presidente da Xunta, continúa a súa tramitación sen que exista unha estratexia autonómica de biogás nin un marco normativo claro, o que evidencia a falta de política enerxética e ambiental do Goberno galego.

A implantación desta planta está xerando unha forte alarma social, derivada de cuestións fundamentais :

- Posibles riscos para a saúde derivados de emisións, olores e posible contaminación de augas.
- Incremento do tráfico pesado e impacto na calidade de vida.

Pero, sobre todo, o elemento máis grave é a falta absoluta de transparencia e participación cidadá:

- A veciñanza non foi informada de forma clara nin suficiente.
- Non se promoveron procesos de participación pública reais.
- Non existe debate territorial nin planificación previa.

**Grupo Parlamentario Socialista**  
Correo [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)  
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas\\_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)

Asinado o día 25/03/2026 ás  
11:39  
Por Lara Méndez López

Asinado o día 25/03/2026 ás  
11:38  
Por Patricia Iglesias Rey



Este caso non é illado, senón que responde a un problema estrutural: Galicia carece dunha regulación autonómica específica sobre plantas de biogás e biometano, o que está permitindo a tramitación de proxectos sen criterios homoxéneos, sen ordenación territorial e sen garantías suficientes.

O Goberno galego está a repetir erros xa cometidos noutros ámbitos enerxéticos: proxectos impostos desde arriba, sen consenso social e sen modelo de país.

Os e as socialistas de Galicia defendemos xusto o contrario: planificación previa, transparencia, participación cidadá e un modelo descentralizado e adaptado ao territorio.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Que información facilitou a Xunta de Galicia á veciñanza de Soandres sobre o proxecto de planta de biogás na Laracha, e que mecanismos de participación pública se teñen habilitado ata o momento?
2. Considera o Goberno galego que se cumpren os principios de transparencia e participación cidadá na tramitación deste proxecto?
3. Existe algún informe independente de avaliación do impacto ambiental e sanitario da planta proxectada en Soandres, alleo ao promotor?
4. Por que a Xunta está permitindo a tramitación de proxectos de biogás sen contar cunha regulación autonómica específica nin cunha planificación territorial previa?
5. Ten previsto o Goberno galego aprobar unha normativa e unha planificación autonómica do biogás, que evite conflitos sociais como o existente na Laracha e garanta un modelo ordenado e sustentable?

Santiago de Compostela, 25 de marzo do 2026

**Grupo Parlamentario Socialista**  
Correo [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)  
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas\\_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 25/03/2026 11:38:52

Lara Méndez López na data 25/03/2026 11:39:01



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/03/2026 12:26:57



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 25/03/2026 12:26:57  
**Nº Rexistro: 53961**  
Data envío: 25/03/2026 12:26:57.194

CSV: BOPGDSPG-3ISAZsL4q-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Rosana Pérez Fernández**, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á problemática de falta de accesibilidade no centro de saúde de Corrubedo (Ribeira).

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Centro de Saúde de Corrubedo, no Concello de Ribeira, presenta na actualidade importantes deficiencias en materia de accesibilidade. Para acceder ás consultas médicas e ao mostrador de atención ás persoas usuarias é necesario salvar unhas escaleiras interiores, sen que exista ningunha alternativa adaptada como unha rampla ou un sistema salvaescaleiras.

Esta situación supón unha clara vulneración do dereito á accesibilidade universal, afectando especialmente ás persoas con mobilidade reducida, ás persoas maiores, ás que empregan cadeiras de rodas, así como a aquelas que poidan presentar limitacións temporais de mobilidade. A falta de adaptación das instalacións sanitarias públicas non só dificulta o acceso aos servizos básicos de saúde, senón que tamén compromete a igualdade de trato e a dignidade das persoas usuarias deste centro periférico que dá tan bo servizo ás veciñas e veciños de Corrubedo, Olveira e Artes. Son os e as profesionais ou as persoas acompañantes as que teñen que subir e baixar á man a calquera persoa que empregue cadeira de rodas e precise atención sanitaria ou administrativa.

Cómpre lembrar que a normativa vixente en materia de accesibilidade establece a obriga das administracións públicas de garantir que os espazos e servizos públicos





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

sexan accesibles para toda a cidadanía. Neste sentido, resulta imprescindible acometer actuacións no Centro de Saúde de Corrubedo que permitan eliminar as barreiras arquitectónicas existentes.

Así mesmo, o centro precisa investimentos que aseguren o seu correcto estado de mantemento e modernización, co obxectivo de ofrecer unha atención sanitaria de calidade en condicións de igualdade.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. É coñecedor o Goberno galego das eivas de accesibilidade que existen no Centro de Saúde de Corrubedo, en Ribeira, e dos problemas que están a causar, nomeadamente ás persoas con máis dificultades de mobilidade?

. Considera que a situación que están a vivir os veciños e veciñas de Corrubedo, Olveira e Artes no seu Centro de Saúde correspóndese co que establece a normativa vixente respecto da accesibilidade universal?

. De non ser así, que actuacións vai levar a cabo para que se dea cumprimento a esa normativa en vigor? Que partidas orzamentarias vai destinar a ese fin?

. Que valoración fai do estado xeral de conservación e mantemento do Centro de Saúde?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 25/03/2026 12:38:58



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/03/2026 12:40:10



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 25/03/2026 12:40:09  
**Nº Rexistro: 53965**  
Data envío: 25/03/2026 12:40:09.604

CSV: BOPGDSPG-3ISAZsL4q-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Iria Taibo Corsanego**, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a situación do pobo cubano en relación coas accións do goberno dos Estados Unidos.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O goberno de Donald Trump nos Estados Unidos está a levar a cabo un conxunto de medidas destinadas a acrecentar o bloqueo económico, comercial e financeiro contra a República de Cuba, que representan unha perigosa escalada da política de asfixia económica e agresión contra a República de Cuba.

A Orde Executiva asinada por Donald Trump o 29 de xaneiro de 2026, e o bloqueo petroleiro, baixo o pretexto dunha falsa "emerxencia nacional", declara Cuba unha "ameaza inusual e extraordinaria" para a seguridade dos EUA. O obxectivo práctico desta medida é impoñer aranceis punitivos a calquera país que forneza petróleo a Cuba, buscando estrangular por completo unha das vías de subministración enerxética vital para a illa. Esta acción é unha chantaxe descarada á comunidade internacional, unha violación do dereito internacional e un ataque directo que pretende paralizar a xeración eléctrica, o transporte, a produción agrícola e os servizos sanitarios básicos do pobo cubano.

A inclusión de Cuba na Listaxe de Estados Patrocinadores do Terrorismo carece de toda base real. Cuba é un país de paz, cunha longa traxectoria de solidariedade e cooperación internacional. A designación como "patrocinador do terrorismo" impón sancións financeiras extraterritoriais que paralizan o comercio e o investimento





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

internacional con Cuba, impedindo transaccións bancarias e créditos, e agravando a crise económica.

Estas medidas insírense nunha política de máis de seis décadas de asfixia sistemática ao pobo cubano, constitúe un acto de clara violación do Dereito Internacional e da Carta das Nacións Unidas. O bloqueo é un castigo colectivo que atenta directamente contra os dereitos humanos máis básicos da poboación civil, limitando o seu acceso a medicinas, alimentos, recursos sanitarios e desenvolvemento económico.

Estas accións forman parte dunha estratexia concertada de "máxima presión" para provocar o colapso económico, xerar unha crise humanitaria artificial e forzar un cambio de réxime contra a vontade soberana do pobo cubano. É inaceptábel que no século XXI se manteñan e reforcen este tipo de políticas coercitivas unilaterais. Estas accións non só causan sufrimento á nación cubana, senón que vulneran a soberanía e o dereito de Cuba, como calquera outro Estado, a escoller libremente o seu sistema político, económico e social.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Como valora o goberno galego as accións arbitrarias e unilaterais do goberno dos Estados Unidos contra a soberanía do pobo cubano?
- Cal é a valoración do goberno galego en relación coa inclusión de Cuba na listaxe de patrocinadores do terrorismo?
- Que medidas ten previsto pór en marcha o goberno galego para protexer o dereito á vida e á autodeterminación do pobo cubano?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 24/03/2026 18:28:53

CSV: BOPGDSPG-3ISAZsL4q-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 24/03/2026 18:30:19

CSV: BOPGDSPG-3ISAZsL4q-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela. Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Iago Suárez Fernández**, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a situación das e dos menores estranxeiros no centro residencial Francisco Suárez de Monforte.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O centro residencial Francisco Suárez localizado no barrio monfortino do Malvarón e propiedade da Asociación Prodeme acolleu en novembro de 2025 as e os primeiros menores estranxeiros tal e como se anunciara con anterioridade por parte da Xunta de Galiza. Un proceso que se xestionou desde o primeiro momento de maneira negligente por parte da Consellaría de Política Social e que, tal e como alertabamos desde o Grupo Parlamentar do BNG, ía provocar unha situación complicada pola falta de planificación e polo desleixado modelo que se seguiu desde o primeiro momento.

Para alén disto, o propio edificio residencial foi obxecto dunha actuación fascista e de odio ao ser atacado con artefactos incendiarios após a Xunta anunciar que sería destinado ao acollemento de persoas menores estranxeiras. Un ataque que, até o día de hoxe, segue sen ser resolto a pesar de ter causado importantes danos materiais e do perigosísimo simbolismo que se desprende deste.

Tal e como alertabamos desde o BNG, os prognósticos cumpríronse e así o demostran os feitos. Na actualidade, o centro acolle a 60 menores non acompañados e, segundo se alerta por parte de persoas que formaron parte do cadro de persoal, hai numerosísimos problemas derivados da xestión que está a realizar a fundación á que se lle encomendou esta tarefa por parte do Goberno galego. Hai problemas coas comidas e





GRUPO PARLAMENTARIO  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela. Galiza

roupa que se proporcionan ás persoas residentes, así como problemas moi serios de violencia e das ratios de persoal que sistematicamente se incumpren.

Urxe, perante esta alarmante situación, que a Xunta de Galiza actúe e tome as medidas que foren necesarias para pór remedio a unha situación que xa é insostible e que provoca problemas enormes.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Que opina a Xunta de Galiza da situación actual das e dos menores non acompañados no centro Francisco Suárez de Monforte?
- Pensa o goberno galego que a fundación encargada da xestión do centro está a cumprir?
- Preocúpanlle á Xunta os incumprimentos das ratios de traballadores e traballadoras que denunciaron persoas pertencentes ao cadro de persoal?
- Pensa o Goberno galego actuar dalgunha forma ante a situación actual do centro?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Iago Suárez Fernández na data 25/03/2026 13:44:48

CSV: BOPGDSPG-3ISAZsL4q-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/03/2026 13:46:07



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 25/03/2026 13:46:06  
**Nº Rexistro: 53970**  
Data envío: 25/03/2026 13:46:06.288

CSV: BOPGDSPG-3ISAZsL4q-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 25/03/2026 16:38:23  
Nº Rexistro: 53983  
Data envío: 25/03/2026 16:38:23.373

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños**, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á valoración por parte do goberno galego da necesidade de flexibilizar ou eliminar as limitacións ao gasto vixentes para Galiza e para as entidades locais ante as consecuencias socioeconómicas da guerra imperialista dos Estados Unidos.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ante o contexto socioeconómico levantado polas consecuencias iniciais da guerra imperialista dos Estados Unidos e os seus aliados co ataque a Irán é evidente o incremento de necesidades que as administracións que máis directamente interveñen na vida das e dos galegos deben asumir, tanto as entidades locais como a propia Xunta de Galiza.

Porén, esta situación de acrecentamento da incerteza socioeconómica e xeopolítica acontece nun contexto de limitación orzamentaria con criterios neoliberais e centralistas. É polo tanto necesario que da mesma maneira que se fixo en anteriores crises, como durante a pandemia da covid-19 ou a derivada da situación en Ucraína, se revise o marco estatal e europeo de limitación ao gasto. Así, cómpre denunciar que a propia Unión Europea contempla que os Estados podan activar a cláusula de escape para incrementar o déficit para gasto militar, que aínda que o goberno español non a activou, tampouco o descarta, segundo declaracións da ministra de Facenda, e non se dea o debate da necesidade de ampliar a capacidade de gasto para o rescate das maiorías sociais.

Neste contexto, levantar as regras fiscais que limitan a capacidade de concellos, deputacións e Xunta para poder gastar o superávit e os remanentes vinculándoos a gasto

Asinado o día 25/03/2026 ás  
16:33  
Por Noa Presas Bergantiños





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 25/03/2026 16:38:23  
**Nº Rexistro: 53983**

Data envío: 25/03/2026 16:38:23.373

social permitiría actuar nun contexto de incremento de prezos e de incremento de necesidades sociais no que senón as consecuencias serán limitar o gasto social e os servizos públicos esenciais, pois a prestación de servizos será máis custosa e as necesidades sociais máis urxentes.

Esta medida debe ir acompañada por parte do goberno central do establecemento dun fondo de compensación extraordinario para as Administracións locais e autonómica co obxectivo garantir a prestación de servizos da súa competencia afectados pola inflación xa que os orzamentos de 2026 das distintas administracións locais e da Xunta da Galiza están elaborados cunhas previsións económicas que se verán enormemente alteradas polo incremento non previsto da inflación: electricidade que afecta a iluminación, servizos de saneamento e abastecemento, recollida e tratamento de residuos e limpeza viaria, prestacións sociais á dependencia, educación, sanidade... así mesmo, as obras de mantemento de infraestruturas tamén se verán moi afectadas ao depender moitos materiais do prezo do petróleo (asfalto...) e do transporte. En consecuencia, debe preverse o incremento dos recursos para atender as obrigas ordinarias sen afectación ás necesidades esenciais.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Vai solicitar o goberno galego o levantamento das regras fiscais para asegurar o correcto e suficiente funcionamento dos servizos públicos esenciais e a atención ás necesidades dos galegos e galegas?

Vai dar prioridade ao marco de déficit ou ás necesidades sociais e económicas derivadas da guerra imperialista dos Estados Unidos?

Considera que debe repetir os erros de priorizar a débeda ás persoas como se fixo na crise financeira do 2008?





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 25/03/2026 16:38:23  
**Nº Rexistro: 53983**

Data envío: 25/03/2026 16:38:23.373

Ten algunha proposta de flexibilización do marco fiscal e financeiro vixente?  
Cales? Como e cando as trasladou ou vai trasladar?

Considera o goberno galego que coas súas previsións orzamentarias deberá  
recortar gasto social?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 25/03/2026 16:33:38

CSV: BOPGDSPG-3ISAZsL4q-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/03/2026 16:38:24



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 25/03/2026 16:38:23  
**Nº Rexistro: 53983**  
Data envío: 25/03/2026 16:38:23.373

CSV: BOPGDSPG-3ISAZsL4q-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO  
OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Iria Taibo Corsanego**, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a situación actual de parte dos residentes do Centro Ricardo Baró (Oleiros).

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Un grupo de residentes do centro Ricardo Baró, xestionado por ASPRONAGA, en Oleiros, tiña sufragados os gastos pola Deputación da Coruña até o ano pasado. Tratábase unha situación irregular tras a modificación da lei que rexe o sistema de tutela de persoas adultas. A Deputación da Coruña, despois de advertilo en varias ocasións, deixou de asumir os gastos destas persoas, argumentando que legalmente non podía facelo. A Xunta de Galiza, como única institución responsábel da dependencia, debe procurar unha solución para estas persoas, que se atopan nunha situación especialmente vulnerábel. Moitas delas están tuteladas polo goberno galego, mais non todas, e o abandono no que quedan tanto elas como as súas familias é unha clara demostración do mal funcionamento do sistema de dependencia en Galiza.

Ofrecéuselles trasladar os residentes a outros centros do país, mais a especial vulnerabilidade destas persoas e o seu arraigo no centro (en moitos casos, levan máis de trinta anos residindo nel) non aconsella este cambio de contexto.

O goberno galego comprometérase a facilitar unha axuda económica ás familias para evitar este traslado, que sería traumático polas características destas persoas, na que un cambio de espazo e rutina complicaría moito a súa situación. Porén, este

Asinado o día 25/03/2026 ás  
16:58  
Por Iria Taibo Corsanego





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

compromiso non chegou a concretarse nin dispoñen de información de ningún tipo a este respecto.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Como valora o goberno galego a situación dos residentes do centro Ricardo Baró, de Oleiros?
- Que ten previsto facer o goberno galego en relación coas persoas usuarias do centro Ricardo Baró de Oleiros que deixaron de recibir o apoio económico da Deputación da Coruña no mes de xuño de 2025?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 25/03/2026 16:58:26

CSV: BOPGDSPG-3ISAZsL4q-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/03/2026 16:59:01



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 25/03/2026 16:59:00  
**Nº Rexistro: 53990**  
Data envío: 25/03/2026 16:59:00.928

CSV: BOPGDSPG-3ISAZsL4q-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

**Lara Méndez López, Patricia Iglesias Rey e Silvia Longueira Castro**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito**.

A rehabilitación do Cuartel de San Fernando para a creación do Museo da Romanización de Galicia constitúe unha demanda histórica da cidade de Lugo, avalada por acordos institucionais, estudos técnicos e compromisos reiterados ao longo de máis de dúas décadas.

Xa no ano 1997, o Pleno do Concello de Lugo manifestaba a vontade de reconverter este espazo nun equipamento cultural. Esta intención consolidouse coa compra do inmovible por parte do Concello de Lugo a Xerencia de Infraestruturas e Equipamento de Defensa cun investimento de 2,5 millóns de euros, co obxectivo de poñer o inmovible a disposición da Xunta de Galicia. Posteriormente, no ano 2008, formalizouse un protocolo institucional entre distintas consellerías da Xunta e o Concello de Lugo que incluía expresamente a creación do Museo da Romanización como unha das actuacións estratéxicas para a cidade.

A Xunta de Galicia deu pasos relevantes no desenvolvemento do proxecto: impulsou catas arqueolóxicas, declarou o inmovible Ben de Interese Cultural no ano 2009 e convocou en 2010 un concurso de ideas financiado con fondos europeos FEDER, no que resultou gañador o proxecto “Perseo”. A propia Xunta chegou a cualificar esta intervención como “un novo fito cultural en Lugo”, anunciando incluso un investimento de 10 millóns de euros.





Porén, no ano 2013 o proxecto foi paralizado sen explicacións, iniciando unha etapa de abandono institucional que se prolonga ata a actualidade. Dende entón, sucedéronse peticións reiteradas por parte do Concello e da sociedade lucense, así como mobilizacións a través da Plataforma polo Museo da Romanización, sen que a Xunta adoptase medidas reais para a súa execución.

Nos últimos anos, a Xunta limitouse a actuacións puntuais de conservación do edificio colaborando co Concello de Lugo e a anuncios sen continuidade. A pesar de incluírse unha partida de 500.000 euros nos orzamentos da Xunta do ano 2025 tras unha emenda impulsada polo Partido Socialista, non se executou nin un só euro. No exercicio 2026 volve incluírse a mesma contía, o que, á vista dos antecedentes, xera serias dúbidas sobre a vontade real de levar a cabo o proxecto. Esta falta de acción non só supón un desprezo institucional á cidade de Lugo, senón tamén unha oportunidade perdida para Galicia.

Cómpre salientar que o Museo da Romanización non é un proxecto local, senón unha infraestrutura cultural estratéxica para Galicia, chamada a converterse nun referente a nivel autonómico e estatal no ámbito do patrimonio romano, especialmente no noroeste peninsular. A cidade de Lugo, co seu excepcional legado romano —encabezado pola Muralla Patrimonio da Humanidade—, ofrece un contexto único para o desenvolvemento deste equipamento, que está chamado a actuar como motor patrimonial e tamén económico para a cidade e o conxunto do país.

Neste sentido, o proxecto cumpre sobradamente cos requisitos establecidos para a súa consideración como Proxecto Industrial Estratéxico (PIES), ao implicar un investimento superior aos 2 millóns de euros, un impacto significativo na creación de emprego directo e indirecto, e contar coa dispoñibilidade do inmovible, xa de titularidade pública.

**Grupo Parlamentario Socialista**

Correo [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas\\_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





A declaración como PIES permitiría axilizar a súa tramitación, garantir a coordinación administrativa e asegurar o compromiso efectivo da Xunta de Galicia cun proxecto clave para o desenvolvemento cultural, turístico e económico da cidade e do conxunto do país.

Dende o Partido Socialista considérase inaceptable a falta de compromiso da Xunta de Galicia cun proxecto amplamente consensuado e estratéxico sendo súas as competencias neste ámbito. O PP na Xunta leva máis dunha década bloqueando este proxecto, mentres improvisa propostas alternativas sen consenso e sen viabilidade, demostrando unha absoluta falta de modelo e de compromiso co desenvolvemento cultural de Lugo.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Contempla declarar o Museo da Romanización de Galicia no Cuartel de San Fernando como Proxecto Industrial Estratéxico (PIES), de acordo co establecido na lexislación vixente?
2. Vai executar, da man co Concello de Lugo e de maneira inmediata as partidas orzamentarias consignadas, garantindo que non se repita a situación de inexecución dos orzamentos presupostados?
3. Está a definir un calendario concreto e público de actuacións para a rehabilitación do inmobile e a posta en marcha do museo?
4. Está disposta a Xunta de Galicia comprometer un financiamento plurianual suficiente que permita culminar o proxecto na súa totalidade?
5. Vai a garantir a coordinación entre as distintas consellerías implicadas e o Concello de Lugo para asegurar a viabilidade técnica, económica e administrativa do proxecto?
6. Ten previsto recoñecer o carácter estratéxico do Museo da Romanización como elemento clave para a posta en valor do patrimonio cultural galego e como motor de desenvolvemento turístico e económico?

**Grupo Parlamentario Socialista**

Correo [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas\\_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)



Santiago de Compostela, 25 de marzo do 2026



**Grupo Parlamentario Socialista**  
Correo [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)  
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas\\_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)

CSV: BOPGDSPG-3ISAZsL4q-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 25/03/2026 16:48:11

Patricia Iglesias Rey na data 25/03/2026 16:48:17

Silvia Longueira Castro na data 25/03/2026 16:48:24



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/03/2026 17:02:22



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 25/03/2026 17:02:21  
**Nº Rexistro: 53998**  
Data envío: 25/03/2026 17:02:21.294

CSV: BOPGDSPG-3ISAZsL4q-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

Lara Méndez López, Silvia Longueira Castro e María Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito**.

A situación actual no Hospital Universitario Lucus Augusti (HULA) está a poñer de manifesto as graves carencias existentes nas políticas sociais e na planificación dos recursos asistenciais en Galicia.

Segundo os datos que daba un medio de comunicación, arredor de 460 pacientes tiveron que prolongar a súa estancia hospitalaria tras recibir a alta médica durante o pasado ano, á espera dunha praza nunha residencia ou doutros recursos asistenciais. Trátase fundamentalmente de persoas maiores que viven soas, sen apoio familiar suficiente, e que, tras un episodio clínico, non poden regresar aos seus fogares en condicións de seguridade.

Esta realidade evidencia unha falla estrutural na rede de servizos sociais, especialmente no que atinxe á dispoñibilidade de prazas en residencias da terceira idade, centros de día e servizos de atención no fogar. A carencia destes recursos está a provocar que o sistema sanitario asuma funcións que non lle son propias, convertendo os hospitais en espazos de estancia prolongada por razóns sociais e non clínicas.

Esta situación ten consecuencias directas sobre o funcionamento do sistema sanitario. A ocupación de camas por pacientes con alta médica está a contribuír á saturación dos hospitais, dificultando o ingreso de novos pacientes, incrementando os tempos de espera e provocando situacións de masificación

**Grupo Parlamentario Socialista**  
Correo [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)  
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas\\_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





nos servizos de urxencias, onde os pacientes chegan a permanecer en corredores á espera dunha cama dispoñible.

Así mesmo, esta problemática pon de relevo a necesidade dunha maior coordinación entre os sistemas sanitario e social, así como dunha planificación estratéxica que permita dar resposta ao envellecemento progresivo da poboación galega e ás novas realidades sociais, marcadas pola soidade e a falta de redes de apoio.

Dende o Partido Socialista considérase imprescindible que a Xunta de Galicia adopte medidas urxentes para revertir esta situación, reforzando tanto os servizos sociais como a capacidade asistencial do sistema sanitario.

Por todo o anteriormente exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Contempla incrementar de maneira significativa a oferta de prazas públicas en residencias da terceira idade, así como en centros de día e servizos de atención no fogar, co fin de dar resposta á demanda existente?
2. Vai reducir os tempos de tramitación e acceso aos recursos sociais, garantindo unha resposta áxil para as persoas en situación de dependencia?
3. Ten previsto reforzar os servizos de traballo social nos centros hospitalarios para mellorar a xestión dos casos de pacientes con alta médica sen alternativa residencial?
4. Estuda establecer mecanismos efectivos de coordinación entre o sistema sanitario e os servizos sociais, co obxectivo de evitar estancias hospitalarias prolongadas por causas non clínicas?

**Grupo Parlamentario Socialista**

Correo [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas\\_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)



5. Pensa adoptar medidas urxentes para reducir a saturación hospitalaria, garantindo a dispoñibilidade de camas para pacientes que precisan ingreso e evitando situacións de colapso nos servizos de urxencias?
6. Esta a considerar a elaboración dun plan estratéxico conxunto de sanidade e política social que dea resposta ao envellecemento da poboación galega e á crecente demanda de coidados de longa duración?

Santiago de Compostela, 25 de marzo do 2026



**Grupo Parlamentario Socialista**  
Correo [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)  
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas\\_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 25/03/2026 17:45:04

Silvia Longueira Castro na data 25/03/2026 17:45:16

Elena Espinosa Mangana na data 25/03/2026 17:45:22



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/03/2026 17:50:29



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 25/03/2026 17:50:28  
**Nº Rexistro: 54018**  
Data envío: 25/03/2026 17:50:28.917

CSV: BOPGDSPG-3ISAZsL4q-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

**Paloma Castro Rey e Carlos López Font**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

O Grupo Parlamentario Socialista de Galicia vén de recoller a preocupación trasladada polas mariscadoras a pé de distintas confrarías pola situación do berberecho (*Cerastoderma edule*) nas rías galegas, que non está a acadar o tamaño comercial necesario para a súa extracción.

Segundo o propio sector, esta problemática non se pode explicar unicamente pola presenza do parasito *Marteilia*, o que apunta á posible concorrencia doutros factores ambientais, produtivos ou de xestión que estarían a condicionar o seu desenvolvemento.

Esta situación está a ter un impacto directo na actividade e nos ingresos das mariscadoras, sen que, a día de hoxe, se teñan trasladado explicacións claras nin medidas suficientes por parte da Administración autonómica.

A falta de respostas claras e de medidas eficaces por parte da Xunta de Galicia está a xerar unha fonda preocupación social e económica, ao comprometer a viabilidade dunha actividade esencial para moitas familias e para o tecido produtivo das rías galegas.

Asinado o día 25/03/2026 ás  
18:06  
Por Carlos López Font

Asinado o día 25/03/2026 ás  
18:06  
Por Paloma Castro Rey





Ante esta situación, a deputada e o deputado que asinan solicitan, en resposta escrita, contestación ás seguintes preguntas:

1. Que explicacións ofrece a Xunta de Galicia ante a falta de crecemento do berberecho ata tamaño comercial nas rías galegas?
2. Que actuacións concretas, vai poñer en marcha para investigar as causas desta situación e plantear solucións?

Santiago de Compostela, 25 de marzo de 2026

**Grupo Parlamentario Socialista**  
Correo [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)  
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas\_gal**





Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 25/03/2026 18:06:47

Carlos López Font na data 25/03/2026 18:06:54



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 25/03/2026 18:08:25  
**Nº Rexistro: 54021**  
Data envío: 25/03/2026 18:08:25.263

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 25/03/2026 18:08:26

CSV: BOPGDSPG-3ISAZsL4q-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

**Lara Méndez López, María del Carmen Rodríguez Dacosta, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta escrita**.

A recente xubilación do facultativo que ocupaba a praza de Saúde Laboral no HULA puxo de manifesto, unha vez máis, a falta de planificación e previsión da Xunta de Galicia na xestión dos recursos humanos do sistema sanitario público. Lonxe de dar unha resposta eficaz e estrutural, a Consellería de Sanidade optou por unha solución claramente insuficiente: o desprazamento parcial dun facultativo desde o Hospital Comarcal de Monforte ata o Hospital Universitario Lucus Augusti, que atende o servizo de Saúde Laboral só algúns días á semana en cada centro. Esta fórmula improvisada non só non resolve o problema, senón que agrava a situación ao dividir a atención entre dous hospitais, reducindo a dispoñibilidade e a calidade do servizo en ambos.

Esta actuación evidencia unha política de parches por parte da Xunta, baseada en desprazamentos e solucións temporais, que acaba por deteriorar a atención sanitaria e sobrecargar aos profesionais. En lugar de reforzar o sistema, estase a xogar co equilibrio dos recursos existentes, xerando unha perda de calidade asistencial tanto no hospital de Monforte como no HULA.

Cómpre subliñar que o servizo de Saúde Laboral é fundamental para garantir a prevención de riscos, a vixilancia da saúde do persoal e o correcto funcionamento da actividade sanitaria. A súa precarización supón un risco tanto para os profesionais como para o conxunto do sistema.

**Grupo Parlamentario Socialista**  
Correo [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)  
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas\\_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Dende o Partido Socialista considérase inaceptable esta falta de planificación e esíxese á Xunta de Galicia que abandone a improvisación e adopte solucións estruturais que garantan unha atención adecuada.

Por todo o anteriormente exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Vai cubrir de maneira inmediata e definitiva a praza vacante de Saúde Laboral no HULA?
2. Pensa poñer fin á actual situación de desprazamentos parciais de profesionais, que obriga a atender dous centros hospitalarios de forma simultánea, deteriorando a calidade do servizo?
3. Como ten pensado garantir unha dotación suficiente e estable de persoal nos servizos de Saúde Laboral, acorde ás necesidades reais da área sanitaria?
4. Contempla establecer mecanismos de planificación eficaces que eviten a repetición de situacións similares derivadas de xubilacións ou vacantes non cubertas?
5. Esta a considerar o reforzo co compromiso coa sanidade pública galega, abandonando a política de parches e apostando por solucións estruturais que garantan unha atención de calidade?

Santiago de Compostela, 26 de marzo do 2026

**Grupo Parlamentario Socialista**  
Correo [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)  
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas\\_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 26/03/2026 9:06:40

Carmen Rodríguez Dacosta na data 26/03/2026 9:06:46

Elena Espinosa Mangana na data 26/03/2026 9:06:55

Silvia Longueira Castro na data 26/03/2026 9:07:01



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/03/2026 9:20:22



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 26/03/2026 09:30:00  
**Nº Rexistro: 54033**  
Data envío: 26/03/2026 09:20:21.478

CSV: BOPGDSPG-3ISAZsL4q-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

**Paloma Castro Rey, Silvia Longueira Castro e Aitor Bouza Manso**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

A aldea de San Marcos na parroquia de Pardesoa, no concello de Forcarei, constitúe un espazo de singular valor natural, paisaxístico e etnográfico. Este territorio destaca pola presenza de elementos patrimoniais de grande interese, como os muíños tradicionais situados nas ribeiras do río, así como pontes de pedra que forman parte da memoria histórica e da identidade local.

Este enclave adquire, ademais, unha dimensión cultural relevante ao ser o escenario da obra “*O crime de Pardesoa*”, do autor galego Carlos Solla. A través desta obra, ponse en valor a riqueza do territorio, ofrecendo unha oportunidade para a creación dun roteiro literario que combine cultura, natureza e patrimonio.

Cómpre salientar o labor continuado dunha comunidade de veciños e veciñas da zona, que levan anos traballando na conservación, posta en valor e sustentabilidade deste espazo, constituíndo un exemplo de compromiso co medio rural e co patrimonio común.

A creación dun roteiro literario permitiría non só difundir a obra literaria mencionada, senón tamén contribuír á dinamización turística sostible, á protección do patrimonio e ao recoñecemento do traballo comunitario desenvolvido na zona.

**Grupo Parlamentario Socialista**  
Correo [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)  
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas\\_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Ante esta situación, as deputadas e o deputado que asinan solicitan, en resposta escrita, contestación á seguinte pregunta:

Como valora este goberno a posibilidade de impulsar a creación dunha ruta literaria na aldea de San Marcos, parroquia de Pardesoa (Forcarei), baseado na obra “*O crime de Pardesoa*”, identificando e sinalizando os distintos escenarios descritos no libro?

Santiago de Compostela, 26 de marzo de 2026

**Grupo Parlamentario Socialista**  
Correo [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)  
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas\\_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 26/03/2026 10:32:52

Silvia Longueira Castro na data 26/03/2026 10:32:58

Aitor Bouza Manso na data 26/03/2026 10:33:08



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 26/03/2026 10:35:51  
**Nº Rexistro: 54039**  
Data envío: 26/03/2026 10:35:51.899

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 26/03/2026 10:35:52

CSV: BOPGDSPG-3ISAZsL4q-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

Lara Méndez López e Carmen Rodríguez Dacosta, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta por **escrito**.

O PSdeG considera urxente a adopción de medidas que permitan aos produtores afrontar o incremento dos custos en combustibles, fertilizantes e alimentación animal, derivados do contexto inflacionista provocado pola guerra en Irán.

A actual situación xeopolítica está a provocar un forte encarecemento da enerxía e das materias primas básicas para o sector primario. Nos últimos meses, os fertilizantes rexistraron incrementos de ata un 30% e o gasóleo agrícola experimentou subas superiores ao 20%, mentres que a alimentación animal continúa unha tendencia á alza sostida. Estes incrementos están a xerar unha presión insostible sobre as explotacións agrogandeiras galegas, que operan con marxes moi reducidas.

Cómpre salientar que o sector agrogandeiro representa un pilar estratéxico para Galicia, tanto desde o punto de vista económico como social e territorial. Non obstante, os produtores galegos carecen de capacidade para repercutir estes incrementos nos prezos finais, o que está a provocar unha perda acelerada de rendibilidade e ameaza directamente a continuidade de numerosas explotacións, especialmente no sector lácteo e cárnico.

A Xunta de Galicia, no marco das súas competencias ten que actuar con rapidez e determinación, adoptando medidas que permitan aliviar a presión económica que sofre o sector. Ante unha situación de crise se require respostas urxentes e

Asinado o día 26/03/2026 ás  
10:59  
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Asinado o día 26/03/2026 ás  
10:59  
Por Lara Méndez López

**Grupo Parlamentario Socialista**  
Correo [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)  
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas\\_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





contundentes, non pode deixar ao sector nunha clara situación de vulnerabilidade.

Neste contexto, resulta imprescindible que a Xunta de Galicia abandone a súa pasividade e exerza as súas competencias con responsabilidade, adoptando medidas inmediatas que permitan garantir a viabilidade do sector agrogandeiro galego.

Por todo o anteriormente exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Vai poñer en marcha, con carácter inmediato, un plan extraordinario de apoio ao sector agrogandeiro galego fronte ao incremento dos custos de produción?
2. Ten previsto establecer unha liña de axudas directas, suficiente e áxil, destinada a compensar o aumento dos custos en combustibles, fertilizantes e alimentación animal?
3. Está a facer os tramites necesarios para poñer en marcha canto antes o observatorio de prezos para garantir un seguimento continuo da evolución dos custos de produción no sector, co obxectivo de adaptar as medidas públicas ás necesidades reais dos produtores?

Santiago de Compostela, 26 de marzo do 2026

**Grupo Parlamentario Socialista**  
Correo [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)  
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas\\_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 26/03/2026 10:59:33

Carmen Rodríguez Dacosta na data 26/03/2026 10:59:40



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/03/2026 11:05:53



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 26/03/2026 11:05:52  
**Nº Rexistro: 54051**  
Data envío: 26/03/2026 11:05:52.461

CSV: BOPGDSPG-3ISAZsL4q-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

**Lara Méndez López, Patricia Iglesias Rey e Aitor Bouza Manso**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito**.

A cidade de Santiago de Compostela vén de rexistrar un inicio de ano 2026 especialmente negativo no que atinxe á ocupación hoteleira, acadando mínimos históricos que non se vían desde o ano 2018, excluindo o período da pandemia. Segundo os datos do sector, a ocupación situouse arredor do 30,38% no mes de xaneiro, o que supón unha caída do 41,60% respecto ao mesmo período do ano anterior. Esta situación traducíuse nunha perda de máis de 16.000 pernoctacións nun só mes, consolidando unha tendencia negativa xa iniciada en 2025, ano no que se perderon preto de 60.000 pernoctacións en comparación con 2024.

O sector hoteleiro alerta dunha perda progresiva de competitividade, atribuída, entre outros factores, á redución de rutas aéreas, á diminución do turismo de empresa e á falta dunha estratexia turística diversificada e eficaz. Esta situación está a xerar unha fonda preocupación, especialmente ante a proximidade do Xacobeo 2027, que debería actuar como motor de atracción turística.

Cómpre subliñar que esta problemática non afecta unicamente á capital galega, senón que ten un impacto directo sobre o conxunto de Galicia, especialmente sobre os concellos polos que discorre o Camiño de Santiago, cuxa actividade económica depende en boa medida do fluxo de visitantes.

Neste contexto, resulta evidente que a política turística da Xunta de Galicia, excesivamente centrada na promoción do Camiño de Santiago, amosa claras limitacións e unha falta de planificación estratéxica que está a pasar factura ao

**Grupo Parlamentario Socialista**

Correo [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas\\_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)



conxunto do sector. A ausencia de medidas contundentes e dunha estratexia diversificada está a comprometer a capacidade de Galicia para competir con outros destinos turísticos.

Dende o Partido Socialista considérase imprescindible un cambio de rumbo nas políticas turísticas da Xunta, apostando por unha estratexia máis ampla, sostible e adaptada ás necesidades actuais do sector.

Por todo o anteriormente exposto, as deputadas e deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Vai a elaborar e poñer en marcha, con carácter urxente, un plan de turismo integral e sostible que diversifique a oferta máis alá do Camiño de Santiago, reforzando outros recursos turísticos de Galicia?
2. Ten previsto desenvolver accións coordinadas cos concellos polos que discorre o Camiño de Santiago para minimizar o impacto negativo ante a perda de pernoctacións que afecta de xeito particular a capitalidade galega e en xeral ao conxunto de Galicia afectando a actividade económica local?
3. Está a preparar de maneira eficaz o Xacobeo 2027, garantindo unha planificación anticipada, investimentos suficientes e unha estratexia de promoción internacional ambiciosa?
4. Contempla establecer mecanismos de diálogo permanente co sector turístico para dar resposta ás súas demandas e necesidades reais?

**Grupo Parlamentario Socialista**

Correo [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas\\_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





5. Vai avaliar a Xunta de Galicia de maneira rigorosa as políticas turísticas desenvolvidas nos últimos anos e introducir as correccións necesarias para evitar a perda de competitividade do destino Galicia?

Santiago de Compostela, 26 de marzo do 2026



**Grupo Parlamentario Socialista**  
Correo [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)  
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas\\_gal](https://twitter.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 26/03/2026 11:37:31

Patricia Iglesias Rey na data 26/03/2026 11:37:39

Aitor Bouza Manso na data 26/03/2026 11:37:46





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 26/03/2026 11:42:43

CSV: BOPGDSPG-3ISAZsL4q-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

**Oscar Insua Lema**, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, para demandar ao Goberno da Xunta de Galiza a gratuidade da autovía AG-55.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A autoestrada de peaxe Carballo-A Coruña (AG-55) construíuse en dúas fases a principios dos anos 90: o tramo entre A Coruña e A Laracha inaugurouse o 26 de setembro de 1993, e a segunda fase ata Carballo completouse o 30 de decembro de 1997 que foi cando a inauguraron nun acto sorpresa, de noite e acompañados de antidisturbios e dun cordón policial, impedindo o achegamento dos veciños e veciñas da Plataforma pola Autovía Gratuíta, conformada por entidades políticas e sociais diversas da comarca.

A Xunta de Galiza é titular da autovía A Coruña-Carballo (AG-55), cuxa concesión administrativa para a construción, conservación e explotación foi adxudicada por un tempo de 50 anos á Autoestradas de Galiza, Concesionaria da Xunta de Galiza, S.A., en virtude do Decreto 23/1995, de 20 de xaneiro e que finalizará no ano 2045.

A súa prolongación ata a Costa da Morte, aínda hoxe non é unha realidade, pois a comarca leva demasiados anos esperando a que as administracións executen e rematen unha autovía prometida en innumerábeis ocasións, en cada unha das eleccións que se sucederon dende o ano 2003, data na que se anunciou a súa construción no famoso Plan Galiza, como compensación á comarca pola desastrosa xestión medioambiental dos gobernos na catástrofe do Prestige.

Despois de varias licitacións fallidas, no ano 2011 a obra da autovía Carballo-Berdoias, de 42 quilómetros de lonxitude, fora adxudicada a unha UTE formada por Copasa, Taboada y Ramos, Covsa e CRC, máis un novo revés fixo que a Xunta de Galiza





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

GRUPO PARLAMENTARIO  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 26/03/2026 13:51:26  
**Nº Rexistro: 54070**  
Data envío: 26/03/2026 13:51:26.198

perdoara á concesionaria a execución do último tramo de 15 quilómetros entre Baio e Berdoias (un 35% do traxecto), a cambio de aforrar o 17% do custe total do contrato, polo que foi un mal negocio para os intereses da comarca. Dende 2016, a Xunta paga á concesionaria un canon de 23 millóns de euros anuais que se incrementan progresivamente, ata completar un gasto total de 630 millóns entre a inauguración da autovía e o fin da concesión no ano 2038. A consecuencia foi que a Costa da Morte quedou sen autovía no tramo Baio-Berdoias, e por enriba agora o reconverten nun corredor cunha soa vía por sentido, e seguimos sen termos rematada a conexión da autovía ata Cee e ao porto de Brens, tal e como estaba planificado no plan MOVE (Plan de Mobilidade e Ordenación viaria Estratéxica 2009-2015) aprobado pola propia Xunta no ano 2010.

No consello da Xunta de Galiza celebrado o 10 de outubro de 2024 aprobouse o rescate da concesión de catro autoestradas no noso país a través dun investimento de 297 millóns de euros: a do Salnés, a da Barbanza, a Ourense-Celanova e a Santiago-Brión, eliminando así as peaxes en sombra que se viñan pagando anualmente. Decía daquela o presidente da Xunta e do PP de Galiza o Sr. Rueda sobre a operación que “permitirá un aforro de máis de 30 millóns de euros ao ano para as arcas públicas galegas”. Sen embargo non houbo sorte para a Costa da Morte e Bergantiños, as concesións na AG-55 non se rescataron, non entraron nos plans de aforro do goberno galego do Partido Popular.

Os veciños e veciñas da Costa da Morte e Bergantiños seguimos a custear unha infraestrutura estratéxica cun réxime de concesión que a Xunta se resiste a rescatar, seguimos pagando peaxes por usar unha autovía fundamental para a comunicación da comarca coa cidade da Coruña e dos polígonos industriais co porto exterior de Punta Langosteira. No noso caso non rescata a concesión, porque a Xunta nada ten que aforrar ás arcas públicas, porque somos nós os que pagamos directamente o seu custe, sostendo un negocio que segue a ser moi rendible para a empresa e que ao que lle quedan 19 anos máis de ganancias. As tarifas soben cada ano co beneplácito da Xunta, e xa son 2,60 € o que vale ir hoxe de Carballo a Coruña, 1,35 ir de Paiosaco a Carballo, 1,30 de Arteixo á Laracha, ou 0,85 de Laracha a Carballo. A Xunta de Galiza presume de aplicar bonificacións nas peaxes, mais non son suficientes para compensar a débeda histórica que



teñen con estas dúas comarcas, pola falla de investimentos para desenvolver tanto as súas economías como o benestar durante décadas, e por seguir a tratarnos sempre de últimos para todo, en termos comparativos.

A todo isto, hai que sumarlle que este tramo Carballo-Coruña nos seus 32 quilómetros conta con 51 curvas, algunha delas moi perigosas e cun bo palmarés de accidentes. Esta autovía está repleta de rebacheos, tramos en mal estado de conservación e ten dúcias de puntos onde se concentran balsas de augas os días que chove, e que provocan “aquaplaning”, perdendo os vehículos adherencia e o control do mesmo. Temos unha autovía que aos ollos de calquera usuario non reúne as condicións mínimas de conservación e seguridade, aló menos os días chuviosos de inverno, polo que xa só por isto último non debера cobrarse unha peaxe.

A Costa da Morte e Bergantiños non poden seguir sufrindo a discriminación do goberno do Partido Popular na Xunta de Galiza, e menos cando falamos dunha infraestrutura fundamental e vital para o desenvolvemento económico, para as comunicacións e para o transporte de viaxeiros e mercadorías, necesaria tanto para conectar os parques empresarias co porto exterior e a cidade e así facelos máis atractivos e competitivos, como para facer máis segura as estradas nos desprazamentos particulares da veciñanza.

En definitiva, levamos 30 anos de abuso pagando unha peaxe que nunca debера impoñerse, porque prometeran que sería gratuíta; 30 anos de aldraxe sufragando unha obra que necesitabamos, merecíamos, e reclamamos, pero que está sendo pagada directamente polos veciños e veciñas da Costa da Morte e Bergantiños.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Cal é o motivo polo que o goberno galego segue sen eliminar as peaxes na AG-55, cando si o fixo noutras autovías galegas e o reclama na AP-9 do Estado?





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

GRUPO PARLAMENTARIO  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 26/03/2026 13:51:26  
**Nº Rexistro: 54070**  
Data envío: 26/03/2026 13:51:26.198

-Por que discrimina o goberno galego á Costa da morte e Bergantiños, ao non rescatar a concesión da AG-55?

-Cando ten pensado eliminar a peaxe o goberno galego do partido popular, na precampaña das eleccións no 2028, antes, despois ou nunca?

- Vai a eliminar a peaxe da AG-55 este ano 2026 a través dunha modificación de crédito?

-Por que o goberno da Xunta sempre deixan de últimos para todo ás comarcas da Costa da morte e Bergantiños?

-Considera o goberno da Xunta que a veciñanza e o empresariado da Costa da morte e Bergantiños están sendo discriminados, ao ter que sufrir as cargas das peaxes na autovía galega AG-55 que non teñen outros galegos?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 26/03/2026 12:57:47



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 26/03/2026 13:51:26  
**Nº Rexistro: 54070**  
Data envío: 26/03/2026 13:51:26.198

CSV: BOPGDSPG-3ISAZsL4q-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 26/03/2026 13:51:26  
**Nº Rexistro: 54070**  
Data envío: 26/03/2026 13:51:26.198

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 26/03/2026 13:51:26

CSV: BOPGDSPG-3ISAZsL4q-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

**Paloma Castro Rey e Carlos López Font**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

Recentemente, a Xunta de Galicia anunciou unha serie de actuacións dirixidas ao sector marisqueiro, centradas fundamentalmente en liñas de actuación que, lonxe de dar resposta á grave crise que atravesa o sector, resultan insuficientes e pouco adaptadas ás necesidades reais das persoas traballadoras do mar.

O sector marisqueiro galego, tanto a pé como a flote, constitúe un pilar fundamental da economía costeira e da cohesión social de Galicia, cunha especial relevancia no emprego feminino. Porén, a caída da produtividade dos bancos marisqueiros, o impacto do cambio climático, a contaminación e a falta de medidas estruturais eficaces están a provocar unha situación límite.

Desde o PSdeG-PSOE consideramos que a resposta da Xunta debe ir máis alá de anuncios puntuais e apostar por unha planificación integral, con financiamento suficiente e medidas que garantan a sustentabilidade económica, social e organizativa do sector.

Neste sentido, resulta prioritario reorientar os fondos anunciados cara a medidas directas que teñan un impacto real e inmediato na vida das persoas mariscadoras e nas entidades que sustentan o sector.

Ante esta situación, as deputadas que asinan solicitan, en resposta escrita, contestación á seguinte pregunta:

**Grupo Parlamentario Socialista**  
Correo [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)  
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas\\_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)

Asinado o día 26/03/2026 ás  
17:39  
Por Carlos López Font

Asinado o día 26/03/2026 ás  
17:39  
Por Paloma Castro Rey



Ten previsto a Xunta de Galicia reorientar os fondos destinados ao plan de marisqueo cara a medidas directas que teñan un impacto real e inmediato na vida das persoas mariscadoras e nas entidades que sustentan o sector?

Santiago de Compostela, 26 de marzo de 2026

**Grupo Parlamentario Socialista**  
Correo [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal)  
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas\_gal**





Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 26/03/2026 17:39:43

Carlos López Font na data 26/03/2026 17:39:51



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 26/03/2026 17:42:41  
**Nº Rexistro: 54082**  
Data envío: 26/03/2026 17:42:41.202

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 26/03/2026 17:42:41

CSV: BOPGDSPG-3ISAZsL4q-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 46457**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey, don Carlos López Font e don Aitor Bouza Manso, sobre **“os motivos da Xunta de Galicia para ignorar as alegacións da veciñanza de Rianxo ao novo plan de transporte do Barbanza, así como os criterios empregados no deseño de itinerarios e frecuencias e a avaliación do seu impacto na mobilidade diaria”**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

“A tramitación do novo contrato de transporte público da comarca do Barbanza foi desenvolvida pola Xunta de Galicia de conformidade cos procedementos de participación pública previstos na normativa vixente. Neste marco, o anteproxecto de explotación XG817 foi sometido ao preceptivo trámite de información pública durante o período comprendido entre o 1 e o 15 de outubro de 2025, ambos inclusive. No transcurso do citado prazo presentáronse diversas alegacións por parte de concellos da comarca, grupos políticos e organizacións veciñais.

No caso concreto de Rianxo, analizáronse de maneira individualizada as alegacións presentadas polo Concello, por grupos políticos e por diferentes colectivos veciñais e persoas particulares, tendo en conta tanto as necesidades de mobilidade como a viabilidade do conxunto do sistema.

Como resultado deste proceso de participación pública, o proxecto inicial foi obxecto de diversas modificacións que responden directamente a estas achegas, reflectindo o compromiso da Xunta de Galicia coa participación cidadá e coa adecuada cobertura das necesidades da comarca.

No que atinxe aos criterios sociais e técnicos aplicados para definir os novos itinerarios e frecuencias, a Xunta de Galicia levou a cabo unha análise exhaustiva dos movementos da poboación, así como das achegas formuladas pola cidadanía, polas administracións e por outras entidades ao longo da prestación do contrato actual. Ademais, tivéronse en consideración as propostas transmitidas polos concellos nas reunións previas á elaboración do anteproxecto, así como as formuladas durante o trámite de participación pública.

En conclusión, o proceso de elaboración e implantación do novo plan de transporte público na comarca do Barbanza caracterízase pola aplicación de criterios técnicos e sociais rigorosos, pola análise detallada das alegacións formuladas pola cidadanía, concellos e demais entidades, e pola continuidade do diálogo institucional”.

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,  
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

## **PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/03/2026 12:30:44



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 20/03/2026 12:30:44  
**Nº Rexistro: 53779**  
Data envío: 20/03/2026 12:30:44.918

CSV: BOPGDSPG-3ISAZsL4q-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 46733**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de don Aitor Bouza Manso e don Carlos López Font, sobre **“as medidas previstas polo Goberno galego para evitar a saturación de usuarios na liña de autobús entre Ferrol e A Coruña e os estudos realizados acerca da demanda deste servizo”**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

“O servizo de transporte público por estrada entre Ferrol e A Coruña constitúe unha das principais conexións interurbanas da provincia e presenta, ademais, unha evolución positiva no número de persoas usuarias nos últimos anos. Tras a recuperación da mobilidade posterior á crise sanitaria da Covid-19, a demanda entre estas dúas cidades mantén unha tendencia de crecemento continuado. En concreto, no ano 2025 rexistrouse un incremento do 11 % no número de viaxes respecto do ano 2023 en ámbolos dous sentidos.

Para dar resposta a esta mobilidade diaria, a conexión conta cunha oferta ampla de servizos distribuídos ao longo da xornada. Nun día laborable en período lectivo funcionan 54 expedicións. Durante as fins de semana mantense tamén unha oferta relevante, con 29 expedicións no conxunto dos dous sentidos.

A programación destas frecuencias ten en conta a distribución da demanda ao longo do día e reforza as franxas horarias de maior utilización do transporte público. Así, nos períodos lectivos increméntase a oferta de servizos para facilitar os desprazamentos do alumnado cara aos campus da Universidade da Coruña, tanto na cidade de Ferrol como na Coruña.

Ademais, hai que salientar que o operador realiza de forma habitual reforzos adicionais en determinados servizos cando se produce unha maior afluencia de persoas usuarias. Estes reforzos forman parte da xestión ordinaria da explotación do servizo, aínda que non teñen carácter obrigatorio segundo o establecido nas condicións do contrato de concesión.

En todo caso, a Xunta de Galicia realiza un seguimento permanente do funcionamento desta conexión e da evolución da súa demanda, co obxectivo de garantir unha prestación axeitada do servizo e avaliar as actuacións que poidan contribuír a seguir mellorando a mobilidade entre Ferrol e A Coruña”.

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,  
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

## **PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 20/03/2026 12:30:37

CSV: BOPGDSPG-3ISAZsL4q-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 46737**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de don Aitor Bouza Manso e don Carlos López Font, sobre **"a previsión da Xunta de Galicia de incrementar a frecuencias ou a capacidade dos vehículos na liña de autobuses entre Ferrol e A Coruña, así como os prazos para a súa implantación"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"As liñas que conectan as cidades de Ferrol e A Coruña representan unha das principais conexións de transporte interurbano da provincia. Nos últimos anos, obsérvase un aumento sostido da demanda destes servizos, amosando unha confianza crecente na rede autonómica de autobuses. Desde o 2023, logo da recuperación da normalidade posterior á crise da Covid-19, rexistrouse un aumento do 11% no número de viaxes entre Ferrol e A Coruña en ámbolos dous sentidos.

Na actualidade, esta conexión conta cunha oferta ampla de servizos, de xeito que nun día laborable en período lectivo existen 26 expedicións no sentido Ferrol – A Coruña e 28 de volta desde a capital provincial.

A planificación da frecuencia de servizos ten en conta tanto as franxas horarias como as épocas do ano con maior demanda. Deste xeito, en períodos lectivos, tanto de ensino medio como superior, engádense ata 9 expedicións adicionais para atender as necesidades de mobilidade do alumnado da UDC dos campus de Ferrol e da Coruña.

Esta planificación garante unha maior oferta en momentos de maior demanda. Por exemplo, no sentido Coruña e Ferrol existen ata 4 expedicións antes das 8 da mañá para facilitar a chegada á cidade departamental en horario lectivo ou laboral. Así mesmo, desde Ferrol tamén saen outros 4 servizos antes das 7 da mañá.

En conxunto, a planificación dos servizos nesta conexión responde á evolución da demanda e ás necesidades de mobilidade existentes entre ambas cidades, cunha oferta reforzada nas franxas e períodos de maior utilización do transporte público.

A Xunta de Galicia realiza un seguimento continuo da utilización e do funcionamento destes servizos co obxectivo de garantir unha prestación axeitada e avaliar, se é preciso, a adopción das medidas que permitan seguir mellorando a mobilidade entre Ferrol e A Coruña".

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,  
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

## **PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 20/03/2026 12:26:41  
**Nº Rexistro: 53777**  
Data envío: 20/03/2026 12:26:41.838

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 20/03/2026 12:26:41

CSV: BOPGDSPG-3ISAZsL4q-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 46741**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de don Aitor Bouza Manso e don Carlos López Font, sobre **“se o Goberno galego realizou algunha inspección ou control tralas queixas dos usuarios da liña de autobús entre Ferrol e A Coruña, incluíndo a incoación de expedientes sancionadores contra a empresa concesionaria”**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno galego é plenamente consciente da relevancia estratéxica do corredor Ferrol – A Coruña, que constitúe un dos principais eixos de mobilidade da área urbana norte de Galicia.

Unha prioridade da Xunta de Galicia é realizar un seguimento da prestación do servizo público de transporte interurbano por estrada, co obxectivo de asegurar que as empresas concesionarias cumpran coas obrigas establecidas nos contratos de servizo público, tanto no relativo á frecuencia das expedicións como á capacidade ofertada, puntualidade e calidade do servizo.

Ademais do control directo mediante inspeccións, a Administración autonómica dispón de ferramentas tecnolóxicas que permiten monitorizar a explotación das liñas, que facilita o control en tempo real de parámetros que determinan a prestación dun servizo de calidade á cidadanía.

No que respecta ás liñas que conectan Ferrol e A Coruña, durante o exercicio 2025 realizáronse 8 inspeccións presenciais, en franxas horarias, especialmente nos de maior demanda potencias, meses e puntos do percorrido diferentes, nas que se controlaron 34 expedicións.

Desde o punto de vista da capacidade do material móbil empregado, os vehículos inspeccionados presentan unha capacidade media de arredor de 70 prazas, o que amosa unha asignación de vehículos adaptada ás características de cada expedición.

Da avaliación conxunta dos datos non se desprenden evidencias de saturación sistemática nas expedicións inspeccionadas, nin situacións reiteradas de sobreocupación que comprometan a prestación do servizo nas condicións establecidas no contrato. Pola contra, os controis realizados confirman, con carácter xeral, unha adecuación entre a oferta de prazas e a demanda observada nos momentos analizados.

Sobre a incoación de expedientes sancionadores no ámbito do transporte terrestre, sinalar que a súa apertura require a constatación fáctica dunha infracción da normativa vixente en materia de transportes, pero a suposta insuficiencia de frecuencias ou a capacidade dos vehículos para atender a demanda existente non constitúen, por si mesmos, infraccións administrativas tipificadas na normativa sectorial”.

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

*(Documento asinado dixitalmente)*

Sandra Vázquez Domínguez

## **PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/03/2026 18:54:15



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 25/03/2026 09:30:00  
**Nº Rexistro: 53912**  
Data envío: 24/03/2026 18:54:16.057

CSV: BOPGDSPG-3ISAZsL4q-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 46747**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de don Aitor Bouza Manso e don Carlos López Font, sobre **"se o Goberno galego considera que a liña de autobús entre Ferrol e A Coruña cumpre cos requisitos establecidos no contrato de concesión e na normativa vixente e se prevé reforzar os seus mecanismos de control"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"O transporte público por estrada entre Ferrol e A Coruña constitúe un dos eixos de mobilidade interurbana máis relevantes da provincia, ao facilitar os desprazamentos diarios por motivos laborais, educativos e persoais entre ámbalas dúas cidades e a súa contorna.

Esta conexión conta cunha oferta ampla de servizos ao longo do ano, con 18 liñas diferentes que conectan os dous concellos. Nun día laborable normal en período lectivo funcionan 54 expedicións, 26 no sentido Ferrol–A Coruña e 28 no sentido A Coruña–Ferrol, e durante as fins de semana hai 29 expedicións.

Ademais, durante os períodos lectivos refórzanse os servizos nas franxas horarias de maior demanda co obxectivo de facilitar os desprazamentos cara aos distintos campus universitarios, tanto en Ferrol como na cidade da Coruña, garantindo así unha adecuada cobertura das necesidades de mobilidade do alumnado.

Cómpre sinalar tamén que a utilización desta conexión experimentou un incremento notable nos últimos anos, así no ano 2025 rexistrouse un incremento da demanda do 11 % con respecto ao ano 2023 en ámbolos dous sentidos.

No relativo ao funcionamento do servizo, a Xunta de Galicia realiza un seguimento continuo da prestación das concesións de transporte público co fin de garantir o cumprimento das condicións establecidas nos pregos e a calidade do servizo ofrecido á cidadanía. Indicar tamén que a circunstancia de que un determinado servizo complete a totalidade das prazas dispoñibles non implica por si mesma a existencia dun incumprimento das obrigas por parte do operador, sempre que o servizo se preste de acordo coas condicións previstas no contrato de concesión".

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,  
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

## **PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/03/2026 12:26:34



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 20/03/2026 12:26:34  
**Nº Rexistro: 53776**  
Data envío: 20/03/2026 12:26:34.467

CSV: BOPGDSPG-3ISAZsL4q-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 50932**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Paulo Ríos Santomé, sobre **"a calidade do transporte marítimo na ría de Vigo e as medidas para garantir a súa titularidade pública e continuidade entre O Morrazo e Vigo"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"O transporte marítimo ten un papel especialmente relevante na ría de Vigo, posto que entre O Morrazo e a cidade son moitos os desprazamentos que se realizan por mar no canto de por estrada.

Estes servizos lévanse a cabo en réxime de libre prestación, segundo o establecido no Regulamento (CEE) 3577/92, do 7 de decembro de 1992, polo que o Goberno galego non ten potestade para interferir na prestación dos servizos de transporte marítimo entre portos ou puntos de Galicia.

Polo seu interese e utilidade social, no marco das normativa vixente, o Goberno galego integrou os servizos marítimos que conectan Cangas e Moaña con Vigo nas bonificacións que se aplican ao transporte público na área de transporte metropolitano de Vigo. Os convenios asinados pola Xunta de Galicia coas tres navieiras supuxeron que a cidadanía que emprega os corredores marítimos con Cangas e Moaña viaxe ao mesmo prezo que no autobús interurbano. Ademais, eses acordos recollen o compromiso de manter uns niveis mínimos de prestación de servizos en cada corredor.

Tendo en conta a importancia do servizo, o Goberno galego ten prorrogado ata 2027 os convenios coas navieiras para manter a integración dos servizos marítimos na ATM de Vigo. Grazas a estes acordos coas empresas, seguiranse aplicando nos corredores marítimos os mesmos esquemas de bonificacións do Plan de Transporte Público de Galicia e o transporte metropolitano da área de Vigo. Cabe salientar que nestes servizos a Xunta asume integramente o desconto adicional do 40% que aplica en todo o transporte público autonómico, debido a que o Estado exclúe o transporte marítimo das axudas para cofinanciar a dita bonificación temporal".

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,  
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

## **PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/03/2026 18:54:08



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 25/03/2026 09:30:00  
**Nº Rexistro: 53911**  
Data envío: 24/03/2026 18:54:08,347

CSV: BOPGDSPG-3ISAZsL4q-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 50938**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Paulo Ríos Santomé, sobre **"a falta de prazas en autobuses na comarca do Morrazo cando falla o transporte na ría de Vigo, a necesidade de reforzos en hora punta e a posibilidade de acadar a titularidade pública deste servizo"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"O transporte por estrada entre Moaña e Vigo está cuberto pola concesión XG625 do Plan de Transporte Público de Galicia. A configuración deste servizo ten en conta a complementariedade entre o transporte marítimo e o terrestre dentro da área metropolitana de Vigo.

O sistema está deseñado para ofrecer unha cobertura ordinaria suficiente á demanda existente e de producirse algunha incidencia extraordinaria, como a suspensión do transporte de ría por condicións meteorolóxicas adversas, a empresa operadora habilita servizos de reforzo".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

*(Documento asinado dixitalmente)*

Sandra Vázquez Domínguez

## **PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 20/03/2026 12:26:27  
**Nº Rexistro: 53775**  
Data envío: 20/03/2026 12:26:27.416

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 20/03/2026 12:26:27

CSV: BOPGDSPG-3ISAZsL4q-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 51146**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Montserrat Valcárcel Armesto, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia en relación coa mellora das conexións de transporte público na contorna rural do concello de Lugo a través da rede de transporte metropolitano"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"Para promover o uso do transporte público nas contornas das cidades, a Xunta de Galicia impulsou desde 2011 as áreas de transporte metropolitano. Así, no marco do desenvolvemento do Plan de Transporte Metropolitano, a ATM de Lugo implantouse en marzo dese ano.

Tendo en conta que as competencias en transporte público metropolitano corresponden á Administración autonómica, mediante os convenios das ATM, ademais de activar un esquema de tarifas bonificado para as persoas usuarias, establécense ferramentas de coordinación estable cos concellos do ámbito, que permiten impulsar outras actuacións de mellora da mobilidade e accesibilidade do transporte público.

Neste sentido, o convenio da ATM de Lugo vixente prevé distintas posibilidades para garantir o mantemento dunha oferta de servizos adecuada ás necesidades da área, así como a integración das distintas redes de transporte público, asegurando a coordinación e a conectividade entre os diferentes servizos, o cal beneficia a calidade de todo o transporte público na área.

Na conexión entre Friol e Lugo, o transporte público interurbano autonómico conta con tres liñas nas que se prestan dez servizos ao día de luns a venres laborables e catro nas fins de semana. Con todo, nestes servizos existe a prohibición de transportar persoas viaxeiras que realicen un traxecto con orixe e destino dentro do termo municipal de Lugo, que é competencia exclusiva do transporte urbano do Concello de Lugo, ao que lle corresponde avaliar as demandas da veciñanza referentes ás conexións das parroquias do rural de Lugo co centro urbano, que se puxeron de manifesto con motivo da renovación do dito servizo. O mesmo sucede coas parroquias que se atopan na contorna das estradas de Portomarín, da Fonsagrada e Ombreiro, nas que o transporte público autonómico só se pode usar para viaxes a outro municipio.

Coa oferta de servizos vixente, o autobús interurbano facilita os desprazamentos en transporte público entre Lugo e os concellos da contorna metropolitana. Así e todo, a Xunta seguirá atendendo as demandas e as posibilidades de mellora para asegurar un servizo de transporte interurbano de calidade e axustado ás necesidades de mobilidade na área".

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,  
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

## **PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/03/2026 12:26:20



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 20/03/2026 12:26:20  
**Nº Rexistro: 53774**  
Data envío: 20/03/2026 12:26:20.606

CSV: BOPGDSPG-3ISAZsL4q-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 51208**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Brais Ruanova Vilas-Boas, sobre **“as demandas da veciñanza do concello de Pazos de Borbén relativas a unha mellora do transporte público neste concello e as valoracións e previsións do Goberno galego ao respecto”**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

“No concello de Pazos de Borbén prestan servizo nove rutas, que conecta a localidade co Hospital Álvaro Cunqueiro e cos principais núcleos da contorna, como Redondela, Pontevedra e Vigo. Sete destas rutas funcionan como transporte baixo demanda, adaptándose á realidade da zona e á demanda existente, o que permite aos habitantes de Pazos de Borbén acceder á atención sanitaria, á educación e ás xestións administrativas. Ademais, durante as fins de semana, en días non festivos, os usuarios dispoñen de oito expedicións baixo demanda, catro os sábados e catro os domingos, que permiten manter a conexión con Redondela e Vigo.

Esta oferta de servizos reflicten o firme compromiso da Xunta de Galicia de ofrecer unha mobilidade adaptada a cada territorio e ás demandas da cidadanía.

O Goberno autonómico analiza e avalía de forma permanente a relación entre oferta e demanda e a calidade dos servizos, co obxectivo de garantir un transporte público flexible, accesible e eficiente, que contribúa á vertebración territorial e se consolide como unha alternativa real e sostible de mobilidade para toda a poboación galega”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

*(Documento asinado dixitalmente)*

Sandra Vázquez Domínguez

## **PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 20/03/2026 12:26:12

CSV: BOPGDSPG-3ISAZsL4q-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 51261**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Secundino Fernández Fernández, sobre "**as razóns das demoras e as previsións da Xunta de Galicia relativas á posta en funcionamento do punto de encontro familiar de Verín**", teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"Os Puntos de Encontro Familiar (PEF) constitúense como un equipamento social, de carácter neutral, especializado para o cumprimento do réxime de visitas establecido pola autoridade competente e que ten por obxecto favorecer as relación entre os menores e as súas familias cando, nunha situación de separación, divorcio, ou noutros supostos de interrupción da convivencia familiar, o exercicio do dereito de visitas vese interrompido ou o seu cumprimento resulta difícil ou conflictivo.

Noutras comunidades autónomas, este servizo é prestado polas administracións autonómicas e locais. No caso de Galicia, é prestado e sufragado exclusivamente pola Xunta de Galicia sen que os concellos acheguen financiamento algún.

A Rede de Puntos de Encontro Familiar de Galicia púxose en marcha no ano 2000 e está integrada por oito centros, todos eles de titularidade da Xunta de Galicia, situados nas sete grandes cidades: Ferrol, A Coruña, Santiago de Compostela, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo, e tamén na comarca do Barbanza.

O Goberno galego iniciou na comarca de Barbanza a ampliación da rede de PEF, conscientes de que era necesario ampliar o seu número para darlle máis facilidades ás familias usuarias deste servizo. Por iso, xa se iniciaron as actuacións correspondentes para elevar esa cifra con novos PEF nas outras tres provincias galegas onde aínda non se ampliara a rede.

O obxectivo é ter unha cobertura máis ampla deste servizo, reducindo a duración dos desprazamentos que teñen que facer as familias e, sobre todo, os nenos e nenas destes núcleos familiares para ver aos seus proxenitores.

Neste sentido, na localidade de Verín a Xunta de Galicia rehabilitou un inmovible da súa propiedade para albergar o PEF para toda a comarca de Verín, que entrará en servizo este ano".

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)





O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

*(Documento asinado dixitalmente)*

Sandra Vázquez Domínguez

## PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/03/2026 18:53:44



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 25/03/2026 09:30:00  
**Nº Rexistro: 53910**  
Data envío: 24/03/2026 18:53:47,345

CSV: BOPGDSPG-3ISAZsL4q-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



# **ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA**

## **1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS**

### **1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA**

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

### **1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL**

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

### **1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO**

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

### **1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN**

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

### **1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS**

### **1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO**

### **1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN**

## **2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO**

### **2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO**

### **2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS**

### **2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR**

### **2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO**


## **3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA**

## **4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS**

### **4.1. INFORMACIÓNS**

### **4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS**





PARLAMENTO  
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:  
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.  
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25  
Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

